Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo

- 35120 - 31088 (10/PRE-008622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa harmonización á alza do tramo autonómico do imposto sobre os hidrocarburos para todas as comunidades autónomas prevista no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as consultas realizadas á Comunidade Autónoma de Galicia e a posición mantida por esta respecto disto, así como a remisión polo Goberno central dalgún informe referido á fundamentación desa decisión

- 34976 - 31193 (10/PRE-008630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264

- 34974 - 31250 (10/PRE-008637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a corrección das deficiencias detectadas nas obras de acondicionamento na N-651, entre o punto quilométrico 28+420 e o punto quilométrico 29+240, encamiñadas á mellora da seguridade vial

- 35689 - 31305 (10/PRE-008643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co resultado para a industria electrointensiva galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de maio de 2018, así como da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa dese servizo, as súas repercusións para o sector, así como as demandas realizadas e as alegacións presentadas ao Goberno central ao respecto

- 34971 - 31382 (10/PRE-008648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a relación de contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L., a apreciación polos órganos de contratación dalgunha causa de prohibición para contratar por parte desa compañía no curso dos procedementos de adxudicación e as medidas previstas polo Goberno galego para verificar a validez dos contratos asinados

- 34970 - 31409 (10/PRE-008653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das alegacións presentadas pola veciñanza en relación cos aspectos centrais da segunda modificación puntual do Plan parcial de San Pedro de Navia, así como o establecemento de negociacións co Ministerio de Fomento e co Concello de Vigo para ese fin

- 34967 - 31581 (10/PRE-008666)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a entrega pola empresa propietaria da central térmica das Pontes de García Rodríguez do proxecto técnico das obras de construción da nova estrada de acceso ao núcleo urbano, o prazo establecido para a súa execución e o seu importe total, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a súa axilización e posta en funcionamento e os compromisos que asume ao respecto

- 34960 - 31753 (10/PRE-008690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o anuncio de construción dun novo edificio na Cidade da Cultura destinado a organismos académicos como o Consorcio Interuniversitario de Galicia e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

- 34958 - 31831 (10/PRE-008694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón

para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e do impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e decisión respecto da súa autorización

- 35091 - 31874 (10/PRE-008699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 22 e 29 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34954 - 32191 (10/PRE-008724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural, nomeadamente na provincia de Lugo, e a realización dalgunha avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como as súas previsións referidas á realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto

- 34943 - 32266 (10/PRE-008726)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da concesión nun primeiro momento dunha subvención para unha explotación gandeira en Ordes sen dispor a persoa beneficiaria de licenzas de apertura nin de actividade

- 34946 - 32294 (10/PRE-008730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a data prevista por Portos de Galicia para presentarlle ao alcalde de Ponteceso o proxecto de creación de novas prazas de aparcamento en Corme

- 34944 - 32318 (10/PRE-008735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non abrir unha negociación co Concello do Grove co fin de facilitar o cambio de titularidade dos terreos portuarios que están integrados na actualidade na dinámica urbana do municipio e o tipo de melloras e actuacións de mantemento levadas a cabo por Portos de Galicia neles dende o ano 2015, así como a súa opinión referida á xustificación da súa actual titularidade

- 35086 - 32697 (10/PRE-008776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os datos referidos ás subvencións concedidas aos concellos ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para rehabilitar as antigas vivendas

de mestres, outros edificios e demais vivendas e edificios de titularidade municipal, así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados acadados

- 34938 - 32707 (10/PRE-008778)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos inconvenientes que están a padecer as persoas mariscadoras de Fisterra e Camariñas como consecuencia da chegada da orde e recepción do aviso de peche precautorio da zona para a extracción do longueirón cando xa está realizado o traballo e incluso a súa venda

- 34937 - 32791 (10/PRE-008782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 9 e 18 de xuño de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 35681 - 33109 (10/PRE-008805)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar na provincia de Lugo, o seu coñecemento da falta de medios e de persoal que presenta o existente en Lugo e as súas previsións referidas á garantía da dotación orzamentaria necesaria para o seu mantemento, así como para os que se van crear no futuro, e a achega dos recursos necesarios para mellorar a instalación e o contorno do actual

- 35085 - 33141 (10/PRE-008810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas o día 2 de xullo de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34898 - 21967 (10/PRE-008835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da exclusión de Galicia na Rede Básica da Rede Trans-europea de Transportes para o período 2021-2027 e as xestións realizadas e pendentes de realizar para defender a inclusión de Galicia na dita rede

- 34896 - 22177 (10/PRE-008847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a eliminación do servizo regular de transporte entre as parroquias de San Simón, Samarugo, Lanzós, Corbelle e Goiriz con Vilalba e as accións que ten previsto impulsar a Xunta de Galicia para solucionar esta situación

- 34893 - 22441 (10/PRE-008850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións que ten previsto realizar a Xunta de Galicia para adecuar o Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de mobilidade da veciñanza do sur da provincia de Lugo

- 34892 - 22484 (10/PRE-008851)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia, tendo en conta as necesidades de mobilidade da veciñanza do sur de Lugo, as actuacións que vai levar a cabo, así como as medidas que vai adoptar ao respecto

- 34889 - 22656 (10/PRE-008855)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre o coñecemento e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar as demoras, cancelacións e peches de traxecto producidos na segunda semana do mes de xaneiro de 2018 no eixe atlántico ferroviario

- 35139 - 22672 (10/PRE-008857)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa autorización polo Ministerio de Fomento a Audasa da suba dun 3,1% das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e o seu coñecemento ou participación nas conversas e no acordo final entre o Ministerio e a concesionaria, así como as actuacións previstas respecto disto e as súas razóns para non facer un estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública

- 35137 - 23042 (10/PRE-008863)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia das obras de ampliación da AP-9 na ponte de Rande, no arranxo dos problemas existentes nese tramo, a presentación e o ofrecemento polos carrís adicionais das condicións e prestacións correspondentes a unha autoestrada, así como a suba das peaxes da autoestrada despois da súa apertura

- 35135 - 23063 (10/PRE-008865)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para participar no acto de inauguración das obras de ampliación da AP-9, na ponte de Rande, sen estar rematadas

- 34868 - 23569 (10/PRE-008877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os motivos polos que permanece pechada a estación de autobuses de Celanova e as previsións respecto da súa posta en marcha

- 34865 - 23894 (10/PRE-008879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto á exclusión de Galicia da Rede Transeuropea de Transporte

- 35239 - 24013 (10/PRE-008890)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade dos campionatos provinciais de caza do raposo para a xestión da especie e a mellora das poboacións cinxéticas das zonas afectadas, as conclusións das análises científicas relativas aos informes presentados para a súa xustificación e as súas intencións respecto da promoción e patrocinio económico de batidas de fauna silvestre no futuro

- 35129 - 24312 (10/PRE-008895)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa decisión da Comisión de Seguimento da AP-9 de eliminar a peaxe no tramo da autoestrada entre Redondela e Vigo e o pagamento do seu custo no resto das peaxes polas persoas usuarias, as actuacións levadas a cabo para evitalo e a opción que defendeu nesa comisión ao respecto

- 34855 - 24487 (10/PRE-008906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha solicitude ante o Ministerio de Fomento para o traspaso á Xunta de Galicia da titularidade da estrada N-554, que transcorre polo concello de Vila-boa, e, se é o caso, a situación en que se atopa e as previsións ao respecto

- 34854 - 24673 (10/PRE-008910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencia producidas o día 29 de xaneiro de 2017 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34844 - 25189 (10/PRE-008915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense, as demandas realizadas ao Goberno central nos últimos oito anos para a súa mellora e, se é o caso, a resposta recibida

- 34841 - 25224 (10/PRE-008916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para desfacerse do seu 10 % de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, o destino que lle deu e a apertura dalgún expediente por presuntas irregularidades nos residuos nos días posteriores á apertura da plica presentada para a adxudicación da xestión do centro, así como as intencións da actual entidade xestora do complexo en materia de persoal

- 34839 - 25234 (10/PRE-008917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á inclusión do Observatorio dos Ríos de Galicia no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como os datos referidos ao seu funcionamento, financiamento e actividade que vai levar a cabo

- 35331 - 25567 (10/PRE-008921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cualificación da auga como un ben público e un dereito recoñecido, a súa posición en relación coa sustentabilidade na súa planificación e xestión e as súas previsións no tocante á defensa da súa titularidade pública, así como a garantía da súa subministración a toda a cidadanía

- 35330 - 25569 (10/PRE-008922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de depuradoras pendentes de planificar en Galicia na actualidade, a opinión do Goberno galego respecto da inexistencia de garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas da comunidade autónoma, a falta dun sistema axeitado de tratamento e a existencia de risco para a saúde pública, así como o nivel de cumprimento do Plan de saneamento de Galicia 2000-2015 e o balance que fai do seu desenvolvemento

- 35158 - 25578 (10/PRE-008926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o contido da reunión mantida en febreiro de 2017 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra para tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para esa cidade, a data prevista polo Goberno galego para a súa posta en marcha e o descarte das opcións dun túnel ou dunha pasarela elevada, así como a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para ese fin

- 34929 - 25588 (10/PRE-008929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para o desenvolvemento da unidade de intervención 8 e o remate da rehabilitación das unidades edificatorias da súa propiedade no barrio da Tinería, da cidade de Lugo, así como as actuacións que vai levar a cabo para evitar a desaparición do Hospital de San Miguel e do pazo de dona Urraca

- 34927 - 25592 (10/PRE-008931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso do incremento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo, o remate na X lexislatura da rede de infraestruturas aptas para a circulación cómoda e segura nelas e a consolidación do marco institucional e normativo favorable á modalidade alternativa, así como a aprobación dun Plan director de mobilidade alternativa de Galicia

- 35127 - 25599 (10/PRE-008932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade dos servizos que presta a nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521, Salvaterra de Miño-Vigo con anexos, e a necesidade de reorganización e de adaptación de todas as rutas á Área Metropolitana de Vigo, así como as súas previsións en relación coa consideración das solicitudes presentadas para a modificación das liñas

- 35096 - 25608 (10/PRE-008935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao estado de execución en que se atopa o proxecto de rehabilitación integral de corenta e catro unidades edificatorias e a xestión de dúas unidades de intervención no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, e as actuacións e os investimentos levados a cabo polo Goberno galego nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017 para a súa recuperación, así como o prazo previsto para o remate do proxecto

- 35081 - 25834 (10/PRE-008936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o tipo de controis das actuacións contratadas para o servizo de limpeza de marxes en tramos fluviais de Galicia que realizan os servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural

- 35161 - 26207 (10/PRE-008947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a privatización dos servizos de venda presencial de billetes de tren das estacións do Barco e da Rúa-Petín

- 35075 - 26398 (10/PRE-008950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego respecto das intencións do Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de tren da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras, a súa posible incidencia na calidade do servizo e a realización dalgunha solicitude para o mantemento do seu carácter público

- 35238 - 26414 (10/PRE-008952)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o coñecemento e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia respecto das denuncias presentadas polos veciños en relación co impacto e suposto incumprimento da normativa de seguridade e medioambiental vixente nas actividades dunha empresa louseira nas parroquias de Santa María Maior e Lindín, do concello de Mondoñedo

- 35328 - 26673 (10/PRE-008957)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para derrogar, a través do Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, a Orde do 10 de decembro de 1984 pola que se declara o acivro (*Ilex aquifolium*, L) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

- 35072 - 27006 (10/PRE-008965)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a incidencia que está a ter a demora na aprobación do Plan estatal de vivenda 2018-2021 nas políticas de vivenda de Galicia e as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar os seus efectos

- 35070 - 27010 (10/PRE-008966)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir e mellorar o transporte colectivo de viaxeiros entre Chantada e Santiago de Compostela, nomeadamente os domingos, así como para adaptar o servizo ás necesidades das persoas usuarias

- 35067 - 27072 (10/PRE-008967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de lle solicitar ao Goberno central a modificación da cualificación da liña ferroviaria atlántica de Galicia como de «media distancia» e a súa substitución pola de «proximidade», as actuacións e o prazo previsto para ese fin

- 35065 - 27165 (10/PRE-008971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria, a súa opinión ao respecto e as medidas que está a aplicar para avaliar a calidade e utilidade para a veciñanza das liñas existentes

- 35061 - 27244 (10/PRE-008973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reparación do firme, así como a mellora da drenaxe lonxitudinal e sinalización horizontal da estrada AC-546

- 35059 - 27836 (10/PRE-008982)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, posta en marcha o 8 de agosto de 2017, os novos servizos de transporte implantados e os beneficios que supuxo para as persoas usuarias, así como os traballos concretos e o cronograma previsto para a posta en marcha da segunda fase

- 35057 - 27874 (10/PRE-008985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento en que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación Provincial de Ourense, o seu posible impacto para a poboación, así como as súas previsións respecto da colaboración financeira coa Deputación para o arranxo desa estrada

- 35053 - 28361 (10/PRE-008999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

- 35049 - 28405 (10/PRE-009001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin, así como os datos referidos ao seu calendario de xuntanzas

- 35048 - 28553 (10/PRE-009003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á situación na que se atopa o vial provisional que atravesa o polígono industrial de Morás, no concello de Arteixo, e as súas posibles consecuencias para a veciñanza, así como as súas previsións respecto da colaboración co Concello para o seu arranxo e a mellora da súa seguridade para as persoas usuarias

- 35044 - 28947 (10/PRE-009010)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de promover unha mesa de negociación co Ministerio de Fomento e o Adif para resolver os problemas que supoñen os pasos a nivel situados dentro dos núcleos de poboación e o prazo razoable de espera para a súa retirada

- 35039 - 28984 (10/PRE-009012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á congruencia e incidencia do artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia na normativa legal vixente, a valoración das súas consecuencias para a comunidade autónoma e os problemas e cambios de cualificación urbanística que supón para moitas parcelas, así como os datos referidos ao seu proceso de elaboración e as previsións ao respecto

- 35038 - 28995 (10/PRE-009013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos anos en relación coa densidade de tráfico que presenta a estrada AC-214, en especial ao seu paso polo núcleo de Pravio (no concello de Cambre), a súa opinión referida á necesidade de novas actuacións para mellorar a seguridade viaria e a acalmación do tráfico nesa zona, así como o tipo de medidas que se poden aplicar no punto quilométrico 5 para eses fins

- 35185 - 29041 (10/PRE-009014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de constante diminución da calidade do servizo do eixe atlántico ferroviario, así como da redución de interventores no traxecto comprendido entre Padrón, Pontecesures e Catoira, e as posibles repercusións da falta de rexistro de persoas usuarias nas futuras decisións respecto do servizo

- 35123 - 29482 (10/PRE-009021)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten a escala metropolitana no modelo de planificación elixido e a incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación

- 35030 - 29508 (10/PRE-009023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin

- 35028 - 29708 (10/PRE-009028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida ao desenvolvemento, ata o 31 de decembro de 2015, do plan piloto para aliviar a densidade de tráfico pesado da autovía A-55, que reducía a peaxe para os transportes pesados no tramo da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño, as razóns para non levalo a cabo a partir de 2016 e as medidas previstas para ese fin

- 35016 - 29992 (10/PRE-009033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121 e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin

- 35009 - 30236 (10/PRE-009042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia de moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia, as súas previsións en relación coa avaliación dos custos e posibilidades financeiras dese grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano, e, se é o caso, o calendario para a realización deses estudos

- 35006 - 30292 (10/PRE-009043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ás chamadas de reserva rexistradas desde a posta en marcha do servizo e o seu sistema de xestión no transporte público de viaxeiros, así como os datos relativos ás persoas usuarias do transporte compartido

- 35005 - 30480 (10/PRE-009045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as intencións da Axencia Galega de Infraestruturas referidas á creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade da costa norte, o calendario previsto para a execución dos proxectos dos tramos pendentes e a data de continuación das obras, así como as razóns da súa prolongada paralización e a súa incidencia económica e social nas comarcas de Ortegal e da Mariña lucense

- 35102 - 30600 (10/PRE-009046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da actual oferta de vivendas de promoción pública para cubrir a demanda existente, as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o programa 451A no ano 2017 e as previsións da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao respecto para o ano 2018

- 35099 - 30669 (10/PRE-009047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Lugo, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender

- 35181 - 30672 (10/PRE-009048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Ourense, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender

- 34998 - 30699 (10/PRE-009049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o custo para o erario público e as repercusións para as persoas usuarias da viaxe en tren entre Sarria e Lugo, realizada por diversas autoridades o día 7 de maio de 2018, para anunciar a chegada de fondos destinados a mellorar a conexión ferroviaria entre as cidades de Lugo e Ourense no ano 2021

- 34996 - 30719 (10/PRE-009050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas o día 2 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34993 - 30759 (10/PRE-009052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das condicións de seguridade peonil que presenta a estrada N-VI ao seu paso por Bergondo, e as actuacións previstas ao respecto

- 34992 - 30844 (10/PRE-009054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego referida á eliminación pola empresa Monibus dun servizo directo de autobús entre Vigo e Lugo, así como os prexuízos que está a ocasionar á cidadanía

- 34987 - 30932 (10/PRE-009055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego respecto dos dous accidentes rexistrados no mesmo punto do corredor do Morrazo nos dous días seguintes á apertura dos dous primeiros tramos da autovía, así como sobre a súa opinión en relación coa necesidade de reconsiderar as medidas preventivas e de redución de velocidade adoptadas nel

- 34985 - 30966 (10/PRE-009056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación actual da conexión do transporte en autobús entre as cidades de Lugo e Vigo, os compromisos da empresa concesionaria segundo o Plan de transporte de Galicia e a valoración do Goberno galego en relación co servizo, así como sobre a existencia de queixas ou reclamacións das persoas usuarias e as medidas adoptadas ou previstas para garantir un servizo de transporte colectivo digno e de calidade para a cidade de Lugo

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35027
Data envío: 27/08/2018 10:57:27.704

Data 27/08/2018 10:57

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración e o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Goberno central para demorar a ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo relativo ao traballo no sector pesqueiro, así como as xestións levadas a cabo e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar, entendemos que todo o que serva para mellorar as condicións sociolaborais dos traballadores do mar sempre será positivo para o sector.

Cómpre sinalar que a principal organización pesqueira a nivel europeo (Europêche), na cal tamén se circumscribe a española Cepesca, xa se ten amosado favorable a este Convenio 188 da Organización Internacional de Traballadores, polo tanto, non cabe ir en contra do sentir maioritario do sector.

A este goberno lle preocupa e moito as condicións nas que desenvolven o seu traballo máis de 13.000 mariñeiros galegos e por iso, todos os anos se convocan axudas, con cargo aos Fondos Europeo Marítimo Pesqueiro, para realizar investimentos en buques pesqueiros co obxectivo de mellorar a eficiencia, reducir o seu custe enerxético, modernizar e mellorar as embarcacións. En definitiva, mellorar as condicións laborais dos homes e mulleres do mundo do mar.

A maiores, a Consellería do Mar traballa en distintas cuestións relacionadas co ámbito da seguridade laboral. Hai que destacar o traballo que se está a facer para atopar unha normativa de seguridade a bordo que sexa acaída á frota de baixura, sobre todo de cara ao porte dos botiquíns.

Por outra banda, foi este Goberno quen tamén estableceu as gardas presenciais do servizo de rescate que garante asistencia os 365 días do ano, as 24 horas do día, axilizando este servizo e

Páxina 1 de 2

gañando e eficacia e eficiencia. O Servizo de Gardacostas de Galicia leva rescatadas a máis de 1.500 persoas nos seus 25 anos de historia.

Por último, séguese a traballar para mellorar a directiva comunitaria que regula a asistencia médica a bordo dos buques coa finalidade de simplificar as esixencias e adecualas ás circunstancias de proximidade, inmediata asistencia médica e á limitación de espazo nos barcos.

En definitiva, o Goberno galego está a favor de que se ratifique este convenio para os traballadores, pero hai que recordar que é unha decisión que ten que tomar o Goberno central, e agardamos que sexa tido en conta nun futuro próximo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35027
Data envío: 27/08/2018 10:57:27.704

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:57:24

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29802**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a actuación policial na xornada de folga estudantil convocada o 9 de abril de 2018 en Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 300 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A actuación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e as accións que de dita actuación poidan derivarse, son da estrita competencia da Administración Central, a través do Ministerio do Interior, do que dependen tanto a Garda Civil como o Corpo Nacional de Policía. A Xunta de Galicia carece de competencias en materia de seguridade e de orde pública.

Son estas unidades, a través das ordes recibidas das autoridades estatais ou dos seus propios responsables operativos, as que establecen os protocolos de actuación ante cada situación, debendo velar en todo caso pola seguridade cidadá e pola garantía dos dereitos e as liberdades públicas.

En calquera caso, as actuacións destes corpos de seguridade están sometidas á xurisdición ordinaria e aos respectivos regulamentos disciplinarios. Polo tanto, ante calquera consideración dunha posible violación dos dereitos fundamentais, pode e debe poñerse en coñecemento do órgano xurisdiccional competente, de xeito que de existir indicios se activen por este os mecanismos de investigación correspondentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35023
Data envío: 27/08/2018 10:57:04.172

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:57:00



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29924**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López sobre, **“a opinión da Xunta de Galicia referida á situación e condicións retributivas actuais do profesorado galego, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A modo de contextualización lembrar que, no Parlamento de Galicia, a Consellería informou do proceso de negociación en resposta oral á pregunta con número 33014 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 10-11/07/2018; que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11>

En datas posteriores, concretamente, o pasado 18 de xullo de 2018, a Consellería de Educación e mailos sindicatos UGT e CCOO ratificaron o documento onde se plasman as novas retribucións segundo as cales o profesorado galego pasa a situarse na parte alta da táboa retributiva ao escalar aos primeiros postos do ranking interautonómico.

En concreto, a Xunta e os sindicatos selaron un acordo que incrementa en 1.260 €/ano os salarios dos docentes en Galicia.

A información pode consultarse no portal web da consellería: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25567>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35017
Data envío: 27/08/2018 10:56:39.172

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:56:35



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30180**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“os datos referidos ás axudas concedidas e denegadas dende o ano 2009 ao ano 2017 para a instalación de ascensores”**, (publicada no BOPG número 302, do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Economía, Emprego e Industria e Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de dar nestes anos axudas para a renovación total ou parcial de ascensores existentes que supoñan unha mellora da seguridade ou da eficiencia enerxética. Nunca se deron nesta consellería axudas para a instalación de novos ascensores, xa que esta axuda é xestionada desde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

No período solicitado, a Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou 334 solicitudes por un importe total que supera os 3,5 millóns de euros:

Ano	Solicitudes Concedidas	Importe Concedido
2012	31	92.100,99€
2015	112	1.218.920,00€
2016	130	1.523.797,29
2017	61	718.893,19€
TOTAL	334	3.553.711,47€

Por outra banda, neste período rexeitáronse 424 solicitudes por esgotamento do crédito asinado ou por ser propostas que non reunían os requisitos establecidos, que se presentaron fora de prazo ou estaban incompletas.

Cómpre engadir, ademais, que as axudas para a instalación de novos ascensores, salvaescaleiras e outros dispositivos de accesibilidade nas vivendas que nos dispoñan deles creáronse pola Orde do 23 de agosto de 2017, pola que tamén se realizou a convocatoria para 2017, a través dun procedemento de concorrência non competitiva e cunha dotación de 1,3 millóns de euros. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 5 de setembro ata o 2 de novembro de 2017.

No marco desta convocatoria concedéronse 59 axudas para a instalación de ascensores, salvaescaleiras e outros mecanismos de accesibilidade. As axudas beneficiaron a 434 familias.

As axudas denegadas corresponderon a solicitudes incompletas ou que non cumprían os requisitos e ao esgotamento do crédito dispoñible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:36
Nº Rexistro: 35183
Data envío: 28/08/2018 11:36:41.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 11:36:37



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30237**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da existencia de moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia, as súas previsións en relación coa avaliación dos custos e posibilidades financeiras dese grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano e, se é o caso, o calendario para a realización deses estudos”**, (publicada no BOPG número 302, do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos tempos son varios os concellos que teñen solicitado á Dirección Xeral de Mobilidade a súa integración no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Este interese dos concellos por integrarse nas Áreas de Transporte Metropolitano amosa claramente a boa acollida que supuxo este modelo impulsado pola Xunta de Galicia: un plan social que permite aforros nos billetes de autobús de ata o 70% e que lles pode supoñer un aforro de ata 900 €/ano aos usuarios frecuentes. Tendo en conta que existen bonificacións adicionais para os usuarios frecuentes e para as familias numerosas, ademais de gratuidade do billete aos menores de 19 anos nas viaxes interurbanas do transporte metropolitano.

O Goberno galego analizará o conxunto das solicitudes de incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia mantendo a equidade para os municipios e resolvéndolas conforme a criterios obxectivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:55
Nº Rexistro: 35008
Data envío: 27/08/2018 10:55:35.889

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:55:32



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30291**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ás chamadas de reserva rexistradas desde a posta en marcha do servizo e o seu sistema de xestión no transporte público de viaxeiros, así como os datos relativos ás persoas usuarias do transporte compartido”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, tivo especial incidencia no incremento da cobertura territorial, tan necesaria dadas as características de dispersión xeográfica que ten Galicia.

Para incrementar a cobertura dos servizos a aquelas zonas onde antes non chegaba o transporte público puxéronse en marcha novas modalidades: o transporte compartido e o transporte baixo demanda, fórmulas que acadan unha maior eficiencia e rendibilidade social, evitando a circulación de autobuses baleiros.

O transporte compartido permite que en determinadas rutas os veciños poidan empregar as prazas baleiras do autobús que leva aos rapaces á escola, sempre cun servizo de acompañante para os alumnos, o que permite maximizar a oferta de liñas de autobús en zonas de baixa demanda nas que doutro xeito non sería viable o paso dunha liña regular.

O transporte compartido estase a prestar coas máximas garantías para os escolares, contando coa presenza do acompañante en todas as rutas, sen que se teñan producido incidencias salientables desde a súa posta en funcionamento.

O transporte compartido permitiu que durante o pasado período lectivo case 107.000 viaxeiros non escolares tivesen acceso a este servizo.

Esta modalidade de transporte facilita, polo tanto, unha maior cobertura territorial do servizo público de transporte nos contornos rurais galegos, contando cunha ampla aceptación social.

Por outra banda, o sistema centralizado de reservas do transporte baixo demanda é un sistema de atención de peticións de servizo que se fai mediante unha chamada ao número de teléfono 988 68 78 00. A través deste número e ata as 20,00 horas do día laborable anterior a aquel no que se desexe viaxar, calquera persoa poderá realizar reservas de prazas para servizos que se presten baixo demanda. Desde a entrada en funcionamento do sistema recibíronse un total de 1.662 chamadas na central de reservas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:55
Nº Rexistro: 35007
Data envío: 27/08/2018 10:55:28.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:55:24



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30547**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o desafuzamento en Santiago de Compostela dunha familia residente nunha vivenda de protección oficial en réxime de aluguer sen terlle conseguido unha alternativa para o seu realoxamento”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Política Social e Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao recente desaloxo dunha familia que residía nunha vivenda de protección oficial en réxime de aluguer, titularidade do IGVS, cabe indicar que a Consellería de Política Social púxose a disposición do IGVS e do Concello de Santiago desde o momento en que tivo coñecemento do caso. Neste senso, técnicos da consellería traballaron conxuntamente co persoal do IGVS, dos servizos sociais do concello de Santiago, da FUNGA e do SERGAS, tratando de buscar solucións para esta familia, como fai sempre que ocorren casos similares. Hai que ter en conta que en calquera caso os afectados teñen que aceptar voluntariamente as opcións propostas, salvo que estean incapacitados xudicialmente.

Un dos residentes da vivenda é tutelado da Funga pero tan só no que se refire ao seu patrimonio, no resto das cuestións ten autonomía para tomar todo tipo de decisión.

Nesta unidade non había ningún menor, polo tanto ningún menor se veu afectado directamente por este caso. En todo caso, as persoas desafuzadas son familia extensa de menores tutelados pola Xunta de Galicia, pero non existía ningún tipo de convivencia. A Xunta exerce directamente a tutela e a garda sen soporte destes familiares.

Rematar indicando que, no relativo á vivenda, cómpre indicar que en todo momento o Instituto Galego da Vivenda e Solo puxo todos os instrumentos de que dispón á disposición do Concello de

CVE-PREPAR: 83073509-4181-e360-56b9-61157031d7e2

Santiago para conseguir o realoxo da familia nunhas condicións que permitisen o seu aloxamento sen causar problemas de convivencia aos veciños.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 35001
Data envío: 27/08/2018 10:54:41.170

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:54:36



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30550**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a organización polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, sen consultar co Concello de Fisterra, dunha xornada de información en relación coas posibles axudas para a rehabilitación de vivendas do Camiño de Santiago, ascensores e salvaescaleiras, así como de préstamos cualificados, os criterios seguidos para ese fin e as razóns reais da cancelación desa xornada”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia organiza múltiples actividades en todos os concellos de Galicia e, en todos os casos, mantén a máxima colaboración e respecto institucional.

Nesta ocasión, dentro dun ciclo de xornadas informativas que se estaban a desenvolver ao longo da provincia, optouse por celebrar este acto, de carácter comarcal, en Fisterra.

O alcalde foi informado e convidado a participar, ao igual que foron informados os alcaldes dos outros municipios nos que se desenvolveu esta actividade, participando nas mesmas con toda normalidade.

Desde a Xunta de Galicia avísase coa suficiente antelación de calquera visita ou acto institucional aos respectivos concellos. Este é o caso tamén do Concello de Fisterra, no que a celebración da xornada informativa foi comunicada con máis de 3 días de antelación.

Ao ser un acto organizado pola Xunta de Galicia e dirixido a concellos e veciñanza de toda a comarca, considerouse axeitado realizalo no local da Confraría de Pescadores de Fisterra para non vincular a xornada a un único concello e por adaptarse o lugar elixido, por tamaño e equipamento, ás necesidades previstas. O antigo local da Confraría de Pescadores de Fisterra está acondicionado coma aula e conta con mesas, resultando máis cómodo para tomar notas.

Desde o equipo organizador da charla detectouse que o Concello de Fisterra modificara os carteis de convocatoria variando o lugar de celebración sen o consentimento da Xunta. Ante esta situación e para evitar molestias aos cidadáns, decidiuse aprazar o encontro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:55
Nº Rexistro: 35104
Data envío: 27/08/2018 11:55:29.505

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:55:26



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30601**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da actual oferta de vivendas de promoción pública para cubrir a demanda existente, as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o programa 451A no ano 2017 e as previsións da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao respecto para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 307, do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense e Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:55
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 27/08/2018 11:55:06.411

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:55:03



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30670**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Lugo, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 307, do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense e Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:54
Nº Rexistro: 35098
Data envío: 27/08/2018 11:54:42.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:54:37



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30673**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Ourense, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 307, do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense e Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:54
Nº Rexistro: 35097
Data envío: 27/08/2018 11:54:33.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:54:15



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30698**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“o custo para o erario público e as repercusións para as persoas usuarias da viaxe en tren entre Sarria e Lugo realizada por diversas autoridades o día 7 de maio de 2018 para anunciar a chegada de fondos para mellorar a conexión ferroviaria entre as cidades de Lugo e Ourense no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 307, do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre indicar que o acto ao que se refire a iniciativa foi organizado polo Ministerio de Fomento e non pola Xunta de Galicia.

O propio Ministerio de Fomento emitiu un comunicado ao día seguinte de terse celebrado este acto explicando que a situación puntual que se produciu no servizo ferroviario estivo motivada por unha avaría no tren que debía saír de Monforte cara á Coruña, vía Lugo, ás 07,30 horas da mañá, e non tivo nada que ver coa programación do servizo pola visita institucional.

Cómpre lembrar que esta circunstancia xa foi explicada pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, ao ser preguntada por este asunto, no marco da resposta á pregunta oral en Pleno número 29131, relativa aos servizos ferroviarios entre Ferrol e Ribadeo, formulada polo mesmo grupo parlamentario e incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 8 e 9 de maio.

A resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=5129>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 34999
Data envío: 27/08/2018 10:54:24.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:54:21



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30718**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias producidas o día 2 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 307, do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:44
Nº Rexistro: 35092
Data envío: 27/08/2018 11:44:49.399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:44:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:15
Nº Rexistro: 35360
Data envío: 30/08/2018 11:15:45.090

Data 30/08/2018 11:15

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30872**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da situación na que se atopan o Fogar Residencial de Cerdedo e as persoas usuarias do centro, o estado de adaptación do seu mobiliario e as necesidades de persoal existentes nel, así como a súa opinión en relación coas queixas referidas ao actual servizo de cociña e as previsións ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O centro de día e fogar residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, están ubicados nun edificio de titularidade municipal, que foi cedido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Tanto o centro de día como o fogar residencial contan coa correspondente autorización de inicio de actividade emitida pola Xunta de Galicia con data 8 de xaneiro de 2008 (para o centro de día: 30 prazas) e 6 de febreiro de 2009 (para o fogar residencial: 18 prazas). Ambas resolucións, de acordo cos informes técnicos e de inspección, acreditan que as instalacións cumpren os preceptos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xuño polo que se regula o réxime de autorizacións e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, así como as normas que o desenvolven.

Asemade, no que se refire ao persoal, cúmprense perfectamente as ratios establecidas para este tipo de centros que marca a lexislación en vigor. Hai que ter en conta que o centro está enmarcado como establecemento de servizos sociais polo que todo o seu persoal presta servizos nese ámbito. A enfermeira non fai labores sanitarios propias da enfermería do centro de saúde, senón que vixía a integridade física das persoas. As prácticas sanitarias (curas, inxectables) neste tipo de centros é competencia do persoal do servizo de saúde ao igual que as urxencias son atendidas polo 061.

Sen prexuízo de todo o anterior, e reiterando que o actual centro cumpre a normativa establecida, a Consellería de Política Social, consciente da antigüidade do edificio e coa intención de mellorar a calidade na prestación do servizo, xa iniciou os trámites para a construción dunha nova edificación

anexa ao actual centro para instalar nela o servizo residencial, que permitirá tamén ampliar a súa capacidade de 18 a 48 prazas públicas. A estes efectos, xa foi adxudicada a obra neste verán e está previsto o seu inicio no mes de setembro, con cargo aos orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (unha inversión total prevista de 1,7 millóns de euros nas anualidades 2018-2019-2020). Unha vez construído ese novo centro residencial, o edificio actual se destinará exclusivamente a centro de día e outras dependencias comúns, estando prevista tamén a súa remodelación para mellorar as instalacións.

En canto ao servizo de comedor, é o mesmo que ten o Consorcio para toda a súa rede de centros de atención a persoas maiores que conforman 57 centros de día, 7 fogares residenciais e 6 vivendas comunitarias. Un servizo de catering en liña fría que mantén as propiedades organolépticas dos produtos e ingredientes cos que se elaboran as comidas, non emprega nin conservantes, nin outro tipo de aditivos que poidan supoñer unha merma da calidade ou do sabor e garante o menor risco para os alimentos, tanto en canto a contaminación cruzada, como no referido a proliferación microbiolóxica. A elaboración das comidas nunha cociña central, (e non en cada un dos centros) supón unha maior seguridade alimentaria, xa que é máis sinxelo garantir as condicións hixiénicas nunha soa instalación. Neste sentido non só non son certas as queixas sobre este servizo, senón que o Consorcio conta ademais co aval e o respaldo dos 8 anos durante os que se leva prestando así o servizo de comidas en todos os centros de maiores da rede dependente do ente da Consellería de Política Social, cunha porcentaxe de satisfacción que ronda o 80%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:15
Nº Rexistro: 35360
Data envío: 30/08/2018 11:15:45.090

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 11:15:28



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 30967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación actual da conexión do transporte en autobús entre as cidades de Lugo e Vigo, os compromisos da empresa concesionaria segundo o Plan de transporte de Galicia e a valoración do Goberno galego en relación co servizo, así como a existencia de queixas ou reclamacións das persoas usuarias e as medidas adoptadas ou previstas para garantir un servizo de transporte colectivo digno e de calidade para a cidade de Lugo”**, (publicada no BOPG número 309, do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada foi un proceso realizado con todas as garantías necesarias e respectando escrupulosamente o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública. Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto, sen que se recibise ningunha alegación sobre o número de conexións directas entre Vigo e Lugo.

A conexión directa entre Vigo e Lugo mantívose no proxecto XG-516, con expedicións os venres e domingos, por ser este servizo o que máis demandada ten, principalmente por estudantes. A maiores, durante o período de implantación dos servizos aumentáronse as súas frecuencias, atendendo ás peticións dos propios usuarios.

Ademais, nos pregos dos contratos incluíuse que será obrigación permanente do contratista a coordinación e garantía de enlace das expedicións Lugo–Pontevedra, do contrato XG516, coas expedicións Pontevedra–Vigo, do contrato XG517, e viceversa, facendo compatibles as necesidades dos usuarios cunha xestión eficiente dos medios públicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 34984
Data envío: 27/08/2018 10:52:13.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:52:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31057**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade da Coruña, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense, Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con

baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34981
Data envío: 27/08/2018 10:51:46.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:51:42



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31073**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é consciente do problema que supón o elevado prezo dos carburantes en Galicia, e por elo aprobou no 2015 un decreto que facilita a apertura de novas estacións de servizo, integrando todo o procedemento nunha xanela única, e sendo a primeira comunidade autónoma de España que desenvolve esta previsión recollida na Lei do sector de hidrocarburos.

Coa experiencia destes anos, procederase á reforma do procedemento integrado, coa finalidade de seguir facilitando a apertura de estacións de servizo coas máximas garantías.

Ademais, a Xunta de Galicia vén de asinar un protocolo de colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que recolle, entre outras medidas, a elaboración dunha guía de boas prácticas que se remitirá aos concellos. O obxectivo é reducir o prazo de posta en marcha das novas estacións de servizo, todo elo para acadar unha maior competencia que permita a redución dos prezos dos carburantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 35564
Data envío: 03/09/2018 09:05:17.547

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2018 9:05:14



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31088**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre “ **Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa harmonización á alza do tramo autonómico do imposto sobre os hidrocarburos para todas as comunidades autónomas prevista nos Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as consultas realizadas á Comunidade Autónoma de Galicia e a posición mantida por esta ao respecto, así como a remisión polo Goberno central dalgún informe referido á fundamentación desa decisión**”, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola consellería de **Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A xestión do imposto sobre hidrocarburos é unha competencia estatal polo que a harmonización do tramo autonómico do imposto lle corresponde ao Goberno central, así os orzamentos xerais do estado acaban de aprobar dita harmonización a partir do 1 de xaneiro de 2019.

O problema dos altos prezos do combustible en Galicia NON ten que ver cos impostos, tal como afirma erroneamente a federación de estacións de servizos, senón que ten que ver coa falta de competencia real neste sector.

Hai un dato que o demostra:

- Antes de impostos, Galicia xa ten o 4º gasóleo máis caro de España (*datos oficiais do Ministerio de Industria*)
- Polo tanto, se non houberse impostos Galicia seguiría tendo un dos gasóleos máis caros de España.

Isto é responsabilidade só das compañías privadas que fixan estes prezos, non da Xunta, e demostra que os combustibles en Galicia son máis caros que a media porque así o deciden as empresas, non pola tributación autonómica e estatal.

Non hai unha xustificación obxectiva a ter uns prezos do combustible tan elevados, tendo en Galicia unha das poucas refinerías de España.

E lembramos que, en canto aos transportistas, Galicia xa devolve cada ano o 100% do céntimo sanitario ao conxunto do transporte profesional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 7294bac0-59a5-62b5-4ba0-f9da7d924e68

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:30
Nº Rexistro: 35120
Data envío: 28/08/2018 10:30:25.470

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:30:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34976
Data envío: 27/08/2018 10:51:03.478

Data 27/08/2018 10:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31193**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada no punto quilométrico 2+010 da estrada PO-264, está incluída nestas inspeccións.

Cómpre indicar que a empresa adxudicataria da conservación integral da zona Pontevedra Sur realiza de forma habitual traballos de conservación e mantemento da ponte medieval, mantendo en todo momento a tipoloxía desta (pavimento empedrado e petrís de sillería). A última actuación levouse a cabo hai dous meses aproximadamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34976
Data envío: 27/08/2018 10:51:03.478

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34974
Data envío: 27/08/2018 10:50:48.134

Data 27/08/2018 10:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31250**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a corrección das deficiencias detectadas nas obras de acondicionamento na N-651 entre o PK 28+420 e o PK 29+240 encamiñadas á mellora da seguridade vial”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, exerce as súas competencias nas estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Esta rede está formada polas estradas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos.

A N-651 é de titularidade estatal polo que as cuestións relativas á conservación e/ou mellora, así como á seguridade viaria deberán ser asumidas pola Administración Xeral do Estado como titular da vía.

Non obstante cómpre indicar que a Xunta de Galicia vén colaborando habitualmente no impulso, promoción e coordinación de estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas nesta materia. Así sucede coa participación na Comisión Autonómica de Seguridade Viaria.

Tamén a Xunta, en cumprimento da resolución aprobada polo Parlamento de Galicia en sesión celebrada o 4 de outubro de 2017, no marco do Debate Anual de Política Xeral, tenlle remitido escrito ao Ministerio de Fomento solicitándolle as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria nos treitos de concentración de accidentes da rede de estradas da súa competencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34974
Data envío: 27/08/2018 10:50:48.134

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:44



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31305**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“a valoración da Xunta de Galicia en relación co resultado para a industria electrointensiva galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de maio de 2018, así como da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa dese servizo, as súas repercusións para o sector, así como as demandas realizadas e as alegacións presentadas ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Red Eléctrica de España completou o proceso de asignación do servizo de Xestión da demanda de interrompibilidade a través de poxas competitivas para a asignación de 25 bloques de 40 MW e 320 bloques de 5 MW, para o período de 1 de xuño ao 31 de decembro de 2018.

Nesta convocatoria de poxas, celebradas entre o 21 e o 23 de maio, participaron 123 consumidores. Dos resultados publicados, despréndese que o prezo medio de asignación foi de 174.174 euros/MW e ano para os produtos de 40 MW e 63.168 euros/MW para os de 5 MW, sendo a media ponderada de 105.863 €/MW e ano. En total, 275 millóns adxudicados.

Os prezos de saída, fixados pola Secretaría de Estado de Enerxía, na Resolución de 19 de abril de 2018, foron de 200.000 euros/MW e ano para os produtos de 40 MW e 150.000 euros/MW e ano para os de 5 MW.

Como se pode comprobar, a adxudicación non foi tan competitiva, sobre todo nos bloques de 40 MW que pasaron de 200.000 euros a 174.000 euros.

En decembro do ano pasado, celebrouse a primeira poxa para os cinco primeiros meses do ano. Nesta ocasión, o prezo medio de asignación foi de 235.167 euros por MW e ano para os produtos de 90 MW, un 13% menos do prezo de saída fixado, e de 108.245 euros por MW, un 27,8% inferior, para os de 5 MW.

Na poxa de maio, o prezo medio é bastante inferior, debido á asignación baixa para os bloques de 5 MW, que se desplomou aos 63.000 euros, mentres que en decembro gañaron 108.000 euros.

Porén, as grandes empresas consumidores, que antes optaban por bloques de 90 MW, obtiveron un maior valor cos bloques de 40 MW.

Como vimos reclamando desde fai tempo, o Goberno central ten que desenvolver un sistema que aporte máis certeza ás empresas electrointensivas afincadas en Galicia e máis garantías para o desenvolvemento da súa actividade, a planificación de investimentos a medio e longo prazo, e a comercialización de produtos máis competitivos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 35689
Data envío: 03/09/2018 15:06:20.120

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2018 15:06:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34971
Data envío: 27/08/2018 10:50:24.196

Data 27/08/2018 10:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31382**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a relación de contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S.L., a apreciación polos órganos de contratación dalgunha causa de prohibición para contratar por parte desa compañía no curso dos procedementos de adxudicación e as medidas previstas polo Goberno galego para verificar a validez dos contratos asinados”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Sala do Contencioso administrativo da Audiencia Nacional dictou o 8 de marzo de 2018 unha sentenza na que se confirmaba a resolución do Tribunal Económico-Administrativo Central contra o acordo de liquidación polo Imposto de Sociedades relativo aos exercicios 2007 e 2008 e contra a sanción imposta con motivo de dita liquidación.

A sentenza da Audiencia Nacional non é firme, senón que contra ela cabe recurso de casación ante o Tribunal Supremo que, se ben xa foi plantexado aínda non ten sido resolto.

Haberá que esperar a ver en que sentido se pronuncia o tribunal, e incluso no caso de que confirme a sentenza da Audiencia Nacional haberá que ver a situación da empresa e os procedementos de regularización da situación atribuída a aqueles anos 2007 e 2008.

En resposta a que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego, convén insistir en que a empresa coa que a Xunta ten firmado o contrato de operación e mantemento dos helicópteros de salvamento marítimo non é Babcock Mission Critical Services Holding, S.L. senón Babcock Mission Critical Services España S.A.U. De aí que as consecuencias que no seu día se deriven como consecuencia do proceso xudicial aludido referiranse á primeira das entidades e non á segunda, aínda que pertenczan ao mesmo grupo.

En definitiva, esta sentenza afecta á situación e circunstancias da empresa nos anos 2007 e 2008, cando non estaba este Goberno nin os actuais responsables da Consellería do Mar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34971
Data envío: 27/08/2018 10:50:24.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:20



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 31409**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da atención das alegacións presentadas pola veciñanza en relación cos aspectos centrais da Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Pedro de Navia, así como o establecemento de negociacións co Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para ese fin”**, (publicada no BOPG número 317, do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantivo unha xuntanza en febreiro de 2018 cos representantes veciñais na que se trataron diversos aspectos das alegacións elaboradas por este colectivo. Nesa xuntanza explicáronse diversos aspectos da modificación do plan parcial e abordouse a posibilidade de incorporación dalgunhas alegacións á modificación do plan parcial e tamén o feito de que outras demandas recollidas nas alegacións non poden ser resoltas a través do plan parcial, por ser alleas a este e ao seu ámbito.

Sinalar, ademais, que a aprobación definitiva do plan parcial lle corresponde ao Concello de Vigo, por ser da súa competencia, e non á Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34970
Data envío: 27/08/2018 10:50:16.602

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34967
Data envío: 27/08/2018 10:49:54.195

Data 27/08/2018 10:49

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31581**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a entrega pola empresa propietaria da central térmica das Pontes do proxecto técnico das obras de construción da nova estrada de acceso ao núcleo urbano, o prazo establecido para a súa execución e o seu importe total, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a súa axilización e posta en funcionamento, e os compromisos que asume ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A construción da nova circunvalación das Pontes de García Rodríguez, necesaria para que a central térmica de Endesa se adapte e cumpra coas exigencias da Unión Europa sobre emisións industriais, permitirá separar a área industrial da residencial e manter, ao mesmo tempo, a conexión existente coa Autovía Ferrol - Vilalba (AG-64).

A nova estrada servirá de alternativa á actual AC-861. Con 985 metros de lonxitude comunicará a AC-101 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón e contará con 3 glorietas. Ademais, reordenarase outra intersección existente coa AC-101. A actuación complementase cunha rede de sendas de máis de 2,4 km de lonxitude; a construción dun aparcadoiro disuasorio no entorno da Casa da Enerxía; a remodelación do tramo inicial das rúas Areosa e Irmáns Tojeiro; e a reordenación da sección da ponte sobre o Eume da AC-861 (vía que quedará como entrada exclusiva á central térmica) para dar cabida á senda.

Co fin de posibilitar toda esta reordenación do sistema viario das Pontes, a Xunta e Endesa Generación, S.A. asinaron un convenio polo que a empresa se comprometeu a asumir o custo das obras e a Xunta a impulsar a actuación. O documento técnico que contén as obras a executar está en poder da Administración, que o considera axustado ao convenio.

Páxina 1 de 2

O proxecto está aprobado e as obras foron licitadas o día 1 de agosto. O prazo previsto para a súa execución é de 18 meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34967
Data envío: 27/08/2018 10:49:54.195

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:49:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34960
Data envío: 27/08/2018 10:48:58.288

Data 27/08/2018 10:48

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31753**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez sobre, **“o anuncio de construción dun novo edificio na Cidade da Cultura destinado a organismos académicos como o Consorcio Interuniversitario de Galicia e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral ás preguntas con números 31903 e 32242, debatidas conxuntamente no Pleno da Cámara galega de data 10-11 de xullo de 2018. A resposta pode ser consultada no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11>

Cabe sinalar que Xunta e universidades ven o futuro Edificio Fontán, que está previsto construír na Cidade da Cultura, como unha gran oportunidade para Galicia porque, entre outras cousas, permitirá avanzar na integración do Sistema Universitario de Galicia (SUG), ao reforzar a cooperación interuniversitaria e a investigación máis excelente.

Como complemento pode consultarse o seguinte enlace:

<http://www.cidadedacultura.gal/es/noticias/el-edificio-fontan-culminara-el-complejo-de-la-cidade-da-cultura>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34960
Data envío: 27/08/2018 10:48:58.288

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:48:55



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34958
Data envío: 27/08/2018 10:48:43.694

Data 27/08/2018 10:48

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31831**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L. nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa, as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e decisión respecto da súa autorización”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 13 de xullo de 2018 pola secretaria xeral Técnica, a través da iniciativa 32213.

A Consellería do Mar defende sempre os intereses do sector ó que representa. Neste Goberno cremos e confiamos no desenvolvemento dunha minería segura e sostible e entendemos que esta é posible coa normativa vixente.

Por iso, a Xunta aplica un proceso garantista e rigoroso que nos leva a permitir soamente aquelas actividades sostibles e respectuosas co medio e coas actividades preexistentes, e neste caso, pola parte que nos toca, coas do mar.

O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do xacemento de Touro estanse desenvolvendo conforme o procedemento que establece a Lei de Ordenación da minería de Galicia aprobada polo Goberno bipartito no ano 2008.

Trátase dun procedemento marcado pola transparencia e o rigor no que deben emitirse 15 informes sectoriais ademais da Declaración de Impacto Ambiental.

Será o estrito cumprimento da legalidade vixente, que ofrece todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas, o único que determine se o novo proxecto mineiro se pode aprobar ou non. A veciñanza e o sector do mar da Arousa poden estar seguros diso.

Agora mesmo, tal e como sinalou o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria na súa comparecencia en pleno do pasado 11 de xullo, cos informes emitidos o proxecto non é viable; pero a maioría son parámetros que precisan máis detalle ou modificacións que a empresa debe atender se quere continuar a tramitación.

Por iso, a Xunta pronunciarase cando esa tramitación remate e o fará motivadamente, atendendo a avaliacións profesionais e técnicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34958
Data envío: 27/08/2018 10:48:43.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:48:40



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 31874**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 22 e 29 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 319, do 13 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:44
Nº Rexistro: 35091
Data envío: 27/08/2018 11:44:42.118

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:44:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32191**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural, nomeadamente na provincia de Lugo, a realización dalgunha avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como as súas previsións referidas á realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34954
Data envío: 27/08/2018 10:48:12.693

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:48:09

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32266**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración e os criterios do Plan de transporte público de Galicia”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 32365, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 10 e 11 de xullo 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=11504>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=11846.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=11846)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34943
Data envío: 27/08/2018 10:46:35.192

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:46:31



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a data prevista por Portos de Galicia para presentarlle ao alcalde de Ponteceso o proxecto de creación de novas prazas de aparcamento en Corme”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 28 de xuño de 2018 polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 32182, sendo o enlace audiovisual o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-06-28>”.

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, habilitará unha zona de aparcadoiro no porto de Corme. De feito, nos vindeiros días está previsto iniciar os traballos para non interferir no período estival nin nos eventos que se celebran nesta localidade costeira.

As obras incluírán o repintado da sinalización horizontal nunha zona na que recentemente leváronse a cabo tarefas de conservación e mantemento que incluíron o pintado dunha marca lonxitudinal que establecía unha zona peonil emprazada na localización indicada polo Concello de Corme.

Sen embargo, dadas as opinións controvertidas da veciñanza de Corme respecto desa localización, Portos reordenará os espazos, destinando outra zona ao tránsito peonil e habilitando nesa un espazo para aparcadoiro de vehículos, como consecuencia das demandas trasladadas polos representantes veciñais nunha xuntanza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34946
Data envío: 27/08/2018 10:46:59.473

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:46:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32318**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non abrir unha negociación co Concello do Grove co fin de facilitar o cambio de titularidade dos terreos portuarios que están integrados na actualidade na dinámica urbana do municipio, o tipo de melloras e actuacións de mantemento levadas a cabo por Portos de Galicia neles dende o ano 2015, así como a súa opinión referida á xustificación da súa actual titularidade”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia realiza a ordenación e planificación do solo portuario a través dos documentos de Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP), os chamados Plan de Usos, en cuxa elaboración os técnicos do ente público coordínanse cos dos concellos afectados para consensuar un documento estratéxico para ambas administracións.

Neste proceso de redacción e tramitación do chamado Plan de Usos, Portos de Galicia explica aos técnicos municipais, como ten feito en numerosas ocasións coa opinión pública, que non existe unha posibilidade de cesión directa dos terreos dende Portos a un Concello, senón que nos casos en que os Concellos solicitan a desafectación dun terreo portuario, a única opción que contempla a lei é a de tramitar a reversión ao Estado dos terreos, un trámite que se prolonga durante anos no tempo. Posteriormente o Estado deberá decidir se aproba ou non a súa cesión ao Concello.

Como paso previo a esta reversión, os terreos deben cualificarse como zona de integración portuaria e precisamente isto é o que Portos de Galicia fai constar nos DEUP naqueles terreos que carecen de uso estritamente portuario na actualidade. É dicir, que consensuadamente co Concello establécese unha cualificación dos terreos que permita a posibilidade de reversión e así se recolle no plan.

Compre lembrar que se establece dita cualificación como primeiro paso para unha posible reversión futura naqueles terreos que así o contempla a lei, xa que non todos os solos son susceptibles de desafectación (viais e explanadas portuarias non poden ser desafectadas segundo a lexislación portuaria vixente).

Nestes 40 anos dende que a comunidade galega posúe as competencias sobre os terreos portuarios transferidos polo Estado, existen moi poucos exemplos de reversións materializadas.

En todo caso, sinalar que Portos de Galicia non ten rexistrado formalmente petición algunha por parte do Concello do Grove para desafectar ningunha área do porto.

Por último, lembrar tamén que recentemente tivo lugar unha xuntanza de Portos de Galicia coa FEGAMP na que se acordou crear un grupo de traballo para tratar, entre outros temas, o das desafectacións portuarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34944
Data envío: 27/08/2018 10:46:43.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:46:39



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 32697**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ás subvencións concedidas aos concellos ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, outros edificios e demais vivendas e edificios de titularidade municipal, así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados acadados”**, (publicada no BOPG número 329, do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As axudas a concellos para a rehabilitación de vivendas de mestres, outros oficios e outros inmobles de titularidade municipal creáronse en 2017, realizándose ese ano a primeira convocatoria de axudas por importe de 850.000 euros.

A finais de decembro de 2017 realizouse a segunda convocatoria, por importe de 948.000 euros. Os fondos foron ampliados no mes de xuño de 2018 con outros preto de 160.000 euros máis, polo que o total dispoñible na convocatoria de 2018 ascende a máis de 1,1 millóns de euros.

Ao abeiro destas convocatorias recibiron axudas os concellos de Oia, Bande, Ordes, Tordoia, Vilardevós, Sober, Mos, Rianxo, Santiso, Trabada, A Peroxa e Cualedro, que rehabilitarán máis de 30 vivendas que posteriormente serán destinadas ao alugueiro, como residencia habitual e permanente, de unidades de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem.

O interese dos concellos por estas axudas é crecente, como o demostra que foi necesario ampliar os fondos da convocatoria de 2018. Estas axudas permiten aos concellos de menos de 20.000 habitantes rehabilitar e destinar a alugueiro vivendas da súa propiedade, de maneira que van conformando un parque municipal de vivendas en alugueiro que complementa ao da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35086
Data envío: 27/08/2018 11:43:56.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:43:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32707**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos inconvenientes que están a padecer as persoas mariscadoras de Fisterra e Camariñas, a consecuencia da chegada da orde e recepción do aviso de peche precautorio da zona para a extracción do longueirón cando xa está realizado o traballo e incluso a súa venda”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a controlar o episodio de presenza de biotoxinas mariñas acaecido nestas últimas semanas incrementando a frecuencia das mostraxes para garantir ao máximo a saúde pública evitando que produto con toxina poda chegar ao consumidor. Intecmar leva advertindo desta cuestión a través dos seus Informes técnicos sobre identificación e cuantificación de fitoplancto tóxico en auga de mar e dos seus Informes de Estado de Zonas da presenza desta toxina desde comezos de xuño.

Os peches producidos recentemente obedecen á detección de toxinas paralizantes (as máis graves desde o punto de vista da sintomatoloxía, podendo incluso ser mortais).

No caso das toxinas PSP no mesmo día da súa chegada, a mostra analízase, obtense un resultado positivo, procédese de inmediato ao peche da zona de produción, actualízase a información na web de Intecmar e notifícase polo servizo de avisos rápidos, vía correo electrónico a todas as partes interesadas. Non se pode pedir máis axilidade.

No que respecta a si se vai tomar algunha medida como consecuencia das protestas deste colectivo, cómpre lembrar novamente o establecido no Regulamento CE Nº 854/2004 do 29 de abril no Anexo II, capítulo II B.6 que indica que a especie co nivel máis alto poderá empregarse como indicadora e Si os niveis de toxina da especie indicadora están por enriba dos límites

reglamentarios, só se permitirá a recolección das demais especies se unha análise das mesmas demostra que os seus niveis de toxina están por debaixo deses límites.

Polo tanto os peches precautorios realizados son conformes coa Normativa Europea, non considerándose ineficaces senón unha xestión do risco que prima a seguridade alimentaria.

En definitiva, o Goberno galego entende que o sistema de control de biotoxinas levado a cabo pola Consellería do Mar-Intecmar é conforme á normativa europea, está a funcionar de forma normal e ten como obxectivo protexer ao consumidor”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:45
Nº Rexistro: 34938
Data envío: 27/08/2018 10:45:49.425

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:45:45



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 32791**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 9 e 18 de xuño de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 329, do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:45
Nº Rexistro: 34937
Data envío: 27/08/2018 10:45:41.472

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:45:38



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33109**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar na provincia de Lugo, o seu coñecemento da falta de medios e de persoal que presenta o existente en Lugo e as súas previsións referidas á garantía da dotación orzamentaria necesaria para o seu mantemento, así como para os que se van crear no futuro, e a achega dos recursos necesarios para mellorar a instalación e o contorno do actual”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o Punto de Encontro Familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Esta rede ata o momento resulta suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia.

Con todo, actualmente se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas.

Na actualidade o Punto de Encontro Familiar de Lugo atende 94 casos para o que conta con 4 profesionais e un horario de apertura de 40 horas semanais, é importante sinalar que non hai lista de agarda na derivación, polo que todas as familias e menores desta provincia están correctamente atendidos.

Respecto do peche do punto de Encontro Familiar de Lugo na primeira quincena de agosto, cómpre informar que ao abeiro do disposto no artigo 18 do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, a entidade xestora deste PEF solicitou autorización para pechar o punto de encontro de Lugo do día 1 ao 15 de agosto, ambos inclusive, coa finalidade de poder conceder vacacións estivais ao seu persoal e compromiso de tentar reorganizar todas as intervencións previstas para ese período e, de non ser posible, a posta a disposición no centro dun horario con servizos mínimos para aqueles usuarios que non tiveran dispoñibilidade para cumprir coas opcións propostas polo centro. Esta solicitude foi autorizada logo de que se reubicaran todas as visitas co acordo das partes.

Por outra banda, respecto das melloras das instalacións e entorno do PEF de Lugo, dende a Xunta de Galicia estanse realizando xestións para mellorar os accesos. Neste sentido, remitiuse solicitude de incremento do alumeado público ao Concello de Lugo, sen que na actualidade se obtivera resposta.

Por último sinalar que o incremento orzamentario para o mantemento dos PEF foi moi importante, pasando dos 497.046,30 euros do ano 2009 aos 706.763,29 euros do 2018.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 35681
Data envío: 03/09/2018 15:05:08.025

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2018 15:05:04



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 33141**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas o día 2 de xullo de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 335, do 11 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35085
Data envío: 27/08/2018 11:43:43.882

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:43:23



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 21967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da exclusión de Galicia na Rede Básica da Rede Transeuropea de Transportes para o periodo 2021-2027 e as xestións realizadas e a realizar para defender a inclusión de Galicia na dita rede”**, (publicada no BOPG número 237, do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 6 de xuño de 2018 a Comisión Europea fixo pública a súa proposta de incorporar o noroeste español ao Corredor Atlántico de Transporte de Mercadorías, o que suporá incrementar a competitividade económica e a capacidade loxística.

A proposta da Comisión Europea de modificación do trazado do Corredor Atlántico incorpora a demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León, que quedou plasmada na Declaración institucional asinada en Santiago de Compostela o pasado 9 de outubro de 2017, e é froito dun intenso traballo institucional realizado ante as autoridades españolas e europeas en defensa da competitividade dos tres territorios.

A decisión, que deberá ser referendada polo Parlamento e o Consello europeo, garantirá fondos comunitarios para a modernización da liña de ferrocarril de mercadorías a través do mecanismo de financiamento ‘Conectar Europa’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:21
Nº Rexistro: 34898
Data envío: 27/08/2018 10:21:22.881

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:21:19



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 22177**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“a eliminación do servizo regular de transporte entre as parroquias de San Simón, Samarugo, Lanzós, Corbelle e Goiriz con Vilalba e as accións que ten previsto impulsar a Xunta de Galicia para solucionar esta situación”**, (publicada no BOPG número 237, do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os distintos concellos, dando como resultado xeral a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades de mobilidade dos veciños.

Ao tempo, estanse a analizar as condicións de prestación do servizo e as demandas existentes cos traballos de campo no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traballos de campo que inclúen encontros con todos os concellos e enquisas en centros sanitarios, educativos, estacións ou paradas, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:21
Nº Rexistro: 34896
Data envío: 27/08/2018 10:21:07.553

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:21:03



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 22441**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións que ten previsto realizar a Xunta de Galicia para adecuar o Plan de Transporte Público de Galicia ás necesidades de mobilidade da veciñanza do sur da provincia de Lugo”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta oral en Comisión número 21283, convertida a escrita por fin de período de sesións setembro-décembro de 2017, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 265, do 22 de febreiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 34893
Data envío: 27/08/2018 10:20:43.693

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:20:40



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 22484**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia, tendo en conta as necesidades de mobilidade da veciñanza do sur de Lugo, as actuacións que vai levar a cabo, así como as medidas que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta oral en Comisión número 21283, convertida a escrita por fin de período de sesións setembro-decembro de 2017, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 265, do 22 de febreiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 34892
Data envío: 27/08/2018 10:20:36.240

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:20:32



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 22656**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“o coñecemento e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar as demoras, cancelacións e peches de traxecto producidos na segunda semana do mes de xaneiro de 2018 no eixe atlántico ferroviario”**, (publicada no BOPG número 242 do 10 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Eixe Atlántico é un servizo que permite achegar as nosas cidades, reducindo os tempos de viaxe e aforrando tempo todos os días aos galegos que precisan deste servizo para traballar ou estudar.

Desde a súa posta en marcha, en abril de 2015, o Eixe Atlántico ten experimentado un importante incremento de usuarios, o que avala a boa acollida que ten o servizo por parte dos cidadáns.

Con todo, e a pesar de que se trata dunha competencia estatal, a Xunta de Galicia seguirá a traballar no eido das súas competencias, demandando que se continúe coa mellora dos servizos (frecuencias, puntualidade, información...), sempre co obxectivo de ofrecer unha mellor atención aos usuarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 34889
Data envío: 27/08/2018 10:20:11.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:20:08



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 22672**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa autorización polo Ministerio de Fomento a Audasa da suba dun 3,1 % das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e o seu coñecemento ou participación nas conversas e no acordo final entre o Ministerio e a concesionaria, así como as actuacións previstas ao respecto e as súas razóns para non facer un estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 20803, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 e 24 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=15163>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=16155.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=16155)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:33
Nº Rexistro: 35139
Data envío: 28/08/2018 10:33:19.738

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:33:16



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 23042**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia das obras de ampliación da AP-9 na Ponte de Rande, no arranxo dos problemas existentes nese tramo, a presentación e ofrecemento polos carrís adicionais das condicións e prestacións correspondentes a unha autoestrada, así como a suba das peaxes da autoestrada despois da súa apertura”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 20803 e en resposta á pregunta oral en Pleno número 22170, sobre o mesmo asunto (peaxes na AP-9 e obras de ampliación da Ponte de Rande), e formuladas polo mesmo grupo parlamentario, que foron incluídas na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 e 24 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.

As respostas completas da conselleira de Infraestruturas e Vivenda poden verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=15163>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=16155>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=3808>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=4109>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:33
Nº Rexistro: 35137
Data envío: 28/08/2018 10:33:04.160

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:33:00



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 23063**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para participar no acto de inauguración das obras de ampliación da AP-9 na ponte de Rande, sen estar rematadas”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 22170, sobre o mesmo asunto (as obras de ampliación da Ponte de Rande), e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 e 24 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=3808>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=4109>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:32
Nº Rexistro: 35135
Data envío: 28/08/2018 10:32:49.613

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:32:45



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 23569**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“os motivos polos que permanece pechada a estación de autobuses de Celanova e as previsións respecto da súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG número 247, do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Celanova foron revertidos ao Concello mediante a sinatura da correspondente acta o 22 de setembro de 2011. Desde ese momento o inmovible pertence ao Concello de Celanova, que será quen determine o uso que lle dará a estas instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:17
Nº Rexistro: 34868
Data envío: 27/08/2018 10:17:11.314

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:17:07



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 23894**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto á exclusión de Galicia da Rede Transeuropea de Transportes”**, (publicada no BOPG número 251, do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 6 de xuño de 2018 a Comisión Europea fixo pública a súa proposta de incorporar o noroeste español ao Corredor Atlántico de Transporte de Mercadorías, o que suporá incrementar a competitividade económica e a capacidade loxística.

A proposta da Comisión Europea de modificación do trazado do Corredor Atlántico incorpora a demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León, que quedou plasmada na Declaración institucional asinada en Santiago de Compostela o pasado 9 de outubro de 2017, e é froito dun intenso traballo institucional realizado ante as autoridades españolas e europeas en defensa da competitividade dos tres territorios.

A decisión, que deberá ser referendada polo Parlamento e o Consello europeo, garantirá fondos comunitarios para a modernización da liña de ferrocarril de mercadorías a través do mecanismo de financiamento ‘Conectar Europa’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34865
Data envío: 27/08/2018 10:16:45.938

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:16:42



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 24013**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á necesidade dos campionatos provinciais de caza do raposo para a xestión da especie e a mellora das poboacións cinexéticas das zonas afectadas, as conclusións dos análises científicos relativos aos informes presentados para a súa xustificación e as súas intencións respecto da promoción e patrocinio económico de batidas de fauna silvestre no futuro”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Non consta nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ningunha partida económica destinada ao fomento deste tipo de eventos no período sinalado na iniciativa.

A Consellería de Medio Ambiente, en cumprimento da legalidade vixente, autorizou á Federación Galega de Caza exclusivamente á celebración dos campionatos establecidos no seu calendario.

A Lei 13/2013 de Caza de Galicia, establece no seu artigo 73 que teñen a consideración de competicións cinexéticas as probas cualificadas como tales pola Federación Galega de Caza cuxa práctica deberá ser conforme ás disposicións desta lei e ás súas normas de desenvolvemento. As competicións cinexéticas só poden realizarse en terreos sometidos a réxime especial, que contan cun Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, e con autorización. Polo que antes de autorizar calquera competición analízanse todos estes datos.

Polo que respecta ao ámbito deportivo, a Secretaría Xeral para o Deporte financia cada ano ás federacións deportivas de Galicia para a realización do programa de promoción e desenvolvemento de cada modalidade deportiva.

Deste xeito dáse cumprimento ao recollido na Lei do Deporte de Galicia que establece como competencias da Administración Autonómica a promoción do deporte en colaboración coas federacións deportivas galegas así como ‘coordinar e tutelar as federacións deportivas galegas no

exercicio das funcións públicas que teñen delegadas, e iso sen menoscabo da súa actividade privada'. De feito, o patrimonio das federacións deportivas galegas estará integrado, entre outros, polas 'subvencións, ou outras achegas, que as entidades públicas poidan concederlles, así como doazóns, herdanzas, legados e premios que lles sexan outorgados por entidades públicas ou privadas'.

No caso da Federación Galega de Caza, desde 2013, a Secretaría Xeral para o Deporte cumpriu coas súas obrigas outorgándolle un total de 141.289,90 euros -32.560 euros (2013), 26.123 euros (2014), 27.569 euros (2015), 26.633 euros (2016), 28.404,90 euros (2017)-. Deste importe total, 35.706,37 euros - 6.182,28 euros (2013), 4.800 euros (2014), 12.443,00 euros (2015), 6.608,09 euros (2016) e 5.673,00 euros (2017) foron xustificados a posteriori pola Federación Galega de Caza como gastos imputables aos campionatos de raposo.

Os únicos pagamentos directos que se fixeron a algunha competición de raposo foron nos anos 2015 e 2016 cando o convenio coa Federación Galega de Caza contemplaba 1.000 euros para a Supercopa Galega de caza do raposo como proxecto de especial relevancia.

Cómpre lembrar que o raposo é unha especie cinexética e pode ser obxecto de caza, tal e como establece o Regulamento de caza de Galicia e polo tanto tamén os campionatos organizados pola Federación (Regulados no artigo 6º da Resolución do 19 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2017/18). O aproveitamento cinexético desta especie, así como doutras, está sometido ao control e á planificación que asegure a sostibilidade das súas poboacións. A Secretaría Xeral para o Deporte non subvenciona actividades que poidan por en risco a diversidade da natureza galega .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35239
Data envío: 29/08/2018 10:51:18.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:51:14



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 24312**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa decisión da Comisión de seguimento da AP-9 de eliminar a peaxe no tramo da autoestrada entre Redondela e Vigo e o pagamento do seu custo no resto das peaxes polas persoas usuarias, as actuacións levadas a cabo para evitalo e a opción que defendeu nesa comisión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi abordada no marco da resposta ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda á interpelación número 20803, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda referiuse precisamente aos asuntos abordados na Comisión sobre a AP-9 entre Xunta e Ministerio de Fomento que se tiña celebrado o día anterior, entre eles, o relativo á liberalización da peaxe da AP-9 en Redondela, equiparando os accesos a Vigo coa situación da circunvalación de Santiago, de Lalín ou da entrada de Ferrol.

A resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda no relativo a este asunto pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=16155.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35129
Data envío: 28/08/2018 10:31:48.034

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:43



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 24487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha solicitude diante do Ministerio de Fomento para o traspaso á Xunta de Galicia da titularidade da estrada N-554, que transcorre polo concello de Vilaboa, e, se é o caso, a situación na que se atopa e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 256, do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta a preguntas anteriores, entre elas, á pregunta oral en Pleno número 13910, e á pregunta oral en Comisión número 13911, convertidas en escritas por fin de período de sesións setembro-decembro de 2017, de similar contido e formuladas polo mesmo grupo parlamentario, cuxas respostas foron publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 254, do 6 de febreiro de 2018, sen que teña habido novidades ao respecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34855
Data envío: 27/08/2018 10:15:18.765

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:15:15



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 24673**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencia producidas o día 29 de xaneiro de 2017 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 256, do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 24672, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34854
Data envío: 27/08/2018 10:15:09.905

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:15:06



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25189**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense, as demandas realizadas ao Goberno central nos último oito anos para a súa mellora e, se é o caso, a resposta recibida”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non é titular da competencia en materia de transporte ferroviario, senón que esta é de competencia estatal. Aínda así, desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Cómpre lembrar que en Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios, están declarados como obriga de servizo público. Entre eles, os que unen Vigo e Ourense, existindo unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían. Todo isto, orientado a satisfacer as necesidades de mobilidade dos cidadáns.

Hai que ter en conta, ademais, que o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación pola súa menor accesibilidade, polo que avogar polo aumento dos seus servizos non ten porque ser a solución máis sostible. Neste sentido, o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha malla que cubre unha área xeográfica máis ampla.

Por iso, de xeito complementario ao ofrecido polo ferrocarril, a Xunta a través do seu Plan de Transporte Público de Galicia e no marco das súas competencias, está a atender o servizo de

transporte entre Ribadavia e Ourense con autobuses regulares, a un prezo menor que o do tren, e con 4 frecuencias directas diarias por sentido, complementadas por outras 5 que van facendo paradas intermedias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34844
Data envío: 27/08/2018 10:13:42.919

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25224**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para desfacerse do seu 10% de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, o destino que lle dou e a apertura dalgún expediente por presuntas irregularidades nos residuos nos días posteriores á apertura da plica presentada para a adxudicación da xestión do centro, así como as intencións da actual entidade xestora do complexo en materia de persoal”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A antiga Sogarisa era unha modalidade de contrato de xestión de servizo público. A súa extinción levouse a cabo subseguintemente á perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais en Galicia, en virtude do Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A nova licitación levouse a cabo na modalidade de contrato administrativo especial, coherentemente coa perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais e tras unha decisión xurídica amparada na lei de contratos do sector público.

O 10% correspondente á participación da Xunta de Galicia na sociedade de economía mixta.

Sogarisa forma parte do resto de activos e pasivos da sociedade, obxecto de liquidación tras a súa extinción, como calquera outra persoa xurídica deste tipo. Procedéndose tras o dito proceso de liquidación, no seu caso, ao reintegro dos créditos a favor das partes que lles corresponden.

En data 2/6/2016 iniciouse un procedemento sancionador pola suposta execución dunha rede de drenaxe non contemplada na autorización ambiental integrada da instalación. Este procedemento foi finalmente arquivado, concluíndo que non existía incumprimento da autorización constitutivo de infracción ao terse constatado que dita rede foi executada con carácter temporal en tanto non se solventaba unha obstrución xurdida na rede orixinal.

En canto ás toneladas de residuos xestionadas foron as seguintes:

- 2009: 81.902,49
- 2010: 103.664,33
- 2011: 100.675,34
- 2012: 97.501, 87
- 2013: 83.494, 24
- 2014: 86.889, 10
- 2015: 84.276,57
- 2016: 83.077

A oferta formulada pola entidade finalmente adxudicataria incluía o proxecto organizativo de do persoal.

Por último, cómpre subliñar que desde a data 28/12/2016 en que a UTE se fixo cargo da Planta de Tratamento de Residuos Industriais vén dedicándose de maneira total á prestación do servizo de xestión e tratamento de residuos industriais. En consecuencia, o convenio colectivo aplicable é o de Residuos, publicado no BOE de data 23 de setembro de 2016. No entanto, en virtude do disposto no artigo 44.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o convenio aplicado ata 31/12/2017 (data da súa expiración) era o da Industria Química, por ser este polo que se rexían as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión de empresa operada polo cambio de concesionario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34841
Data envío: 27/08/2018 10:13:16.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:13



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25234**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á inclusión do Observatorio dos ríos de Galicia no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como os datos referidos ao seu funcionamento, financiamento e actividade que vai levar a cabo”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O referido órgano colexiado adscribíase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e como establece o artigo 3 do Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos ríos de Galicia.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado de asesoramento apoio e consulta, encaixando, polo tanto, as súas funcións no establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Administración Xeral e Sector Público de Galicia.

O Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, dedica o seu capítulo III ao desenvolvemento das normas básicas de funcionamento deste órgano consultivo. No punto 6 do artigo 12, contéplase a cuestión formulada ao respecto do seu réxime de funcionamento.

En canto ao financiamento, a resposta a esta cuestión inclúese na disposición adicional primeira do citado decreto, mentres que a súa estrutura e composición vén detallada no capítulo II.

O decreto dedica o seu artigo 6 a detallar a presidencia do Observatorio. O resto dos representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que formarán parte deste órgano consultivo, así como as súas funcións, están especificados nos artigos 7, 8 e 9 do citado decreto.

En total, conforman este órgano consultivo un total de 35 membros. A súa composición atende á necesidade de contar coa máxima representatividade dos principais sectores implicados na xestión nas materias incluídas dentro do seu ámbito de aplicación, acorde en todo caso coa natureza deste órgano de asesoramento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34839
Data envío: 27/08/2018 10:12:59.418

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:12:55



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25567**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da cualificación da auga como un ben público e un dereito recoñecido, a súa posición en relación coa sustentabilidade na súa planificación e xestión, as súas previsións no tocante á defensa da súa titularidade pública, así como a garantía da súa subministración a toda a cidadanía”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego son moitos os retos que se afrontan para avanzar na mellora da xestión da auga na comunidade autónoma, sendo permanente o labor que se fai con este obxectivo e sempre dentro das súas competencias. A finalidade é acadar un modelo que permita conseguir a sustentabilidade económica, técnica e institucional do ciclo da auga.

Neste senso, cómpre destacar o esforzo realizado na formulación dunha nova normativa galega de xestión integral da auga, partindo das competencias autonómicas. Así, durante estes anos levouse a cabo unha tarefa importante de regulación en materia de augas para adaptala, de forma que responda á problemática e intereses da comunidade.

Ademais desta regulación, desde o Goberno galego impulsáronse novas vías para progresar na busca dunha xestión mais eficiente. Así, para acadar esta colaboración e avanzar naqueles aspectos que máis poidan afectar á autonomía local (xa que son os municipios os que teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais), o Goberno galego promocionou e impulsou o Pacto Local da Auga. Un pacto que está permitindo impulsar a colaboración entre administracións e conseguir un marco común nesta xestión para o futuro no territorio galego.

O labor conxunto entre administracións que se está desenvolvendo desde o Pacto Local de Auga é ambicioso, xa que se pretende avanzar para establecer unhas bases que poidan ser unha referencia común para ordenar a prestación dos servizos do ciclo urbano da auga.

Os traballos desenvólvense desde os distintos ámbitos territoriais da comunidade autónoma galega no exercicio das súas respectivas competencias pero tentando, en todo caso, potenciar a colaboración.

Por isto, desde o Goberno galego continuarase impulsando o traballo entre administracións para poder garantir un avance continuo e conxunto na xestión da auga.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35331
Data envío: 30/08/2018 09:59:16.111

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:59:12



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25569**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“o número de depuradoras pendentes de planificar en Galicia na actualidade, a opinión do Goberno galego respecto da inexistencia de garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas da comunidade autónoma, a falta dun sistema axeitado de tratamento e a existencia de risco para a saúde pública, así como o nivel de cumprimento do Plan de saneamento de Galicia 2000-2015 e o balance que fai do seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“No Plan de Saneamento están planificadas todas as depuradoras de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Actualmente, están executadas todas as depuradoras recollidas nesa planificación agás a de Poio-Raxó (por razóns alleas á Administración autonómica, xa que a ubicación debe ser decidida polo concello) e a nova EDAR de Santiago de Compostela (da que en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Como balance, cómpre incidir en que se está a dar cumprimento á lexislación existente en materia de saneamento.

Sobre o número de cidadáns que dispoñen de sistemas de saneamento individuais, cómpre lembrar que o saneamento é unha competencia municipal, polo que Augas de Galicia non dispón desta información.

En canto ao nivel de cumprimento do Plan de Saneamento 2000-2015, cómpre lembrar que a previsión era de poñer os mecanismos en 154 aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Destas aglomeracións, como xa se indicou, unicamente están pendentes de executar a depuradora de Poio-Raxó e a depuradora de Santiago de Compostela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35330
Data envío: 30/08/2018 09:59:08.658

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:58:51



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“o contido da reunión mantida en febreiro de 2017 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra para tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para esa cidade, a data prevista polo Goberno galego para a súa posta en marcha e o descarte das opcións dun túnel ou dunha pasarela elevada, así como a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para ese fin”**, (publicada no BOPG número 261, do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 2 de agosto de 2017 asinouse o Convenio Marco de Colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra.

O 18 de xuño de 2018, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, xunto co delegado territorial da Xunta en Pontevedra e o alcalde de Pontevedra, presentou o deseño do conxunto intermodal da cidade, que unirá a estación de tren e a estación de autobús.

O complexo intermodal da cidade de Pontevedra inclúe:

- Unha terminal de autobuses renovada e modernizada;
- O vínculo peonil entre as dúas estacións a través dunha pasarela a nivel;
- Un novo acceso á estación de autobuses a través de Josefina Arruti;
- E a adecuación de todo o seu contorno.

Estando a ultimar os proxectos correspondentes, tanto á estación de autobuses como á intermodalidade e adecuación do contorno urbano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:39
Nº Rexistro: 35158
Data envío: 28/08/2018 10:39:59.465

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:39:55



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:44
Nº Rexistro: 34929

Data envío: 27/08/2018 10:44:03.423

Data 27/08/2018 10:43

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os prazos previstos polos Goberno galego para o desenvolvemento da Unidade de Intervención 8 e o remate da rehabilitación das unidades edificatorias da súa propiedade no barrio da Tinería da cidade de Lugo, así como as actuacións que vai levar a cabo para evitar a desaparición do Hospital de San Miguel e do Pazo de Dona Urraca”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 25595, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 294, do 19 de abril de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:44
Nº Rexistro: 34929
Data envío: 27/08/2018 10:44:03.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:44:00



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25592**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto do impulso do incremento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo, o remate na X lexislatura da rede de infraestruturas aptas para a circulación cómoda e segura nelas e a consolidación do marco institucional e normativo favorable á modalidade alternativa, así como a aprobación dun Plan director de mobilidade alternativa de Galicia”**, (publicada no BOPG número 261, do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera que os modos de transporte non motorizados son eficientes para cubrir os desprazamentos que realiza a diario a poboación galega e que do seu uso se derivan beneficios en moi diversas áreas: mobilidade, calidade do aire, saúde, igualdade, benestar, economía, patrimonio e urbanismo. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo o Plan de Sendas de Galicia, liña de actuación que conxuga a promoción dunha economía baixa en carbono, mediante o fomento da mobilidade sustentable, coa mellora da seguridade viaria, de acordo co Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 e, por suposto, coa promoción do transporte público en Galicia.

O Plan comezou coa elaboración dunha ‘Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia’ cuxo obxecto é crear sendas ao longo das estradas de titularidade autonómica que diminúan o perigo para as persoas que opten pola mobilidade alternativa e que faciliten ou fagan posible que o conxunto de usuarios (vehículos, peóns e ciclistas) circulen en condicións de maior seguridade. Co fin de lograr unha axeitada programación dos investimentos a realizar, elaborouse un estudo para priorizar as zonas de actuación, a escala comarcal. Seleccionáronse 11 áreas nas que se teñen desenvolvido documentos de estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, 7 nunha primeira fase (A Coruña, Ferrol, Bergantiños, Terra Cha, Salnés, Vigo, Santiago) e 4 na segunda (O Morrazo, Pontevedra, Lugo e Ourense).

O Plan de Sendas de Galicia conta en 2018 con preto de 12 millóns de euros, o que permitirá rematar actuacións en execución ou xa licitadas e impulsar outras novas nas comarcas galegas nas que se está a desenvolver.

O fomento da mobilidade alternativa por parte da Administración autonómica reflíctese tamén en diversas actuacións no ámbito normativo, entre as que destacan as revisións dos distintos Plans Xerais de Ordenación Urbana para a súa adaptación á LOUGA; o Plan de Ordenación do Litoral; as Directrices de Ordenación do Territorio; ou a Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia.

No ano 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas elaborou a 'Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia', en resposta á necesidade de adaptar o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia a unha escala comarcal cuns ámbitos urbanos ou periurbanos e co fin de facilitar os desprazamentos cotiás. Polo tanto, o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia é un instrumento técnico que xa está a ser desenvolvido, a escala comarcal e para desprazamentos cotiás, pola 'Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia' e as estratexias comarcais que derivan dela. En definitiva, trátase dun documento de referencia que xa está a ser útil.

Cómpre lembrar, ademais, que a mobilidade sustentable non se pode entender sen unha forte aposta polo transporte público colectivo, polos medios de transporte que minimizan as emisións por usuario e que precisan dunha boa planificación para poder responder ás necesidades de mobilidade dos cidadáns. A esta aposta responde o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, impulsado pola Xunta, e actualmente en funcionamento en 5 áreas e 65 concellos galegos; ou o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa segunda fase está se está a desenvolver nestes momentos, co obxectivo de lograr uns servizos mellor adaptados ás necesidades dos cidadáns no horizonte do ano 2019."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:43
Nº Rexistro: 34927
Data envío: 27/08/2018 10:43:46.641

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:43:42



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 25599**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da calidade dos servizos que presta a nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521, Salvaterra de Miño-Vigo con anexos, a necesidade de reorganización e de adaptación de todas as rutas á Área Metropolitana de Vigo, así como as súas previsións en relación coa consideración das solicitudes presentadas para a modificación das liñas”**, (publicada no BOPG número 261, do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os distintos concellos, dando como resultado xeral a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades de mobilidade dos veciños.

Ao tempo, estanse a analizar as condicións de prestación e as demandas existentes nos traballos de campo no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traballos de campo que inclúen encontros con todos os concellos e enquisas en centros sanitarios, educativos, estacións ou paradas, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35127
Data envío: 28/08/2018 10:31:32.377

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35096
Data envío: 27/08/2018 11:45:33.509

Data 27/08/2018 11:45

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25608**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os datos referidos ao estado de execución en que se atopa o proxecto de rehabilitación integral de corenta e catro unidades edificatorias e a xestión de dúas unidades de intervención no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as actuacións e os investimentos levados a cabo polo Goberno galego nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017 para a súa recuperación, así como o prazo previsto para o remate do proxecto”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 25609, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 317, do 7 de xuño de 2018. Remitímonos ao alí exposto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35096
Data envío: 27/08/2018 11:45:33.509

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:45:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35081
Data envío: 27/08/2018 11:04:53.853

Data 27/08/2018 11:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25834**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“que tipo de controis das actuacións contratadas para o servizo de limpeza de marxes en tramos fluviais de Galicia se realizan polos servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Os controis sobre o terreo das actuacións realizadas no marco deste contrato realizáronse desde os servizos provinciais de Conservación da Natureza, dependentes das xefaturas territoriais. Ademais, designáronse técnicos de cada servizo como responsables da supervisión dos lotes de dito contrato.

En canto aos resultados destas actuacións nas catro provincias, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio facilitou a información requirida a este respecto a través da resposta as solicitudes de datos con números de rexistro 31659 e 31361; formuladas polo mesmo grupo parlamentario autor desta pregunta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35081
Data envío: 27/08/2018 11:04:53.853

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:50



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 26207**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a privatización dos servizos de venda presencial de billetes de tren das estacións do Barco e da Rúa-Petín”**, (publicada no BOPG número 264, do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse o 27 de abril e, segundo ten manifestado o ADIF, responden á necesidade de que o persoal de circulación se dedique exclusivamente a ditas funcións, xa que ate o agora viña realizando tamén funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

Desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo de venda de billetes nestas estacións ferroviarias e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños destes municipios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:41
Nº Rexistro: 35161
Data envío: 28/08/2018 10:41:23.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:41:19



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 26398**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento e a valoración Goberno galego respecto das intencións da Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de tren da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras, a súa posible incidencia na calidade do servizo e a realización dalgunha solicitude para o mantemento do seu carácter público”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse o 27 de abril e, segundo ten manifestado o ADIF, responden á necesidade de que o persoal de circulación se dedique exclusivamente a ditas funcións, xa que até agora viña realizando tamén funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

Desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo de venda de billetes nestas estacións ferroviarias e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños destes municipios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35075
Data envío: 27/08/2018 11:04:06.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:00



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 26414**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“o coñecemento e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia respecto das denuncias presentadas polos veciños en relación co impacto e suposto incumprimento da normativa de seguridade e medioambiental vixente nas actividades dunha empresa louseira nas parroquias de Santa María Maior e Lindín, do concello de Mondoñedo”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Economía, Emprego e Industria e Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“As cuestións formuladas foron atendidas na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 28117 que se desenvolveu na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 15 de xuño de 2018.

Nesta intervención trasladouse información sobre as accións levadas a cabo desde a inspección mineira esixindo a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras, incluída a paralización da explotación durante o tempo necesario, así como sobre os expedientes sancionadores que se están a tramitar.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-06-15?part=cb711980-3a74-46c8-a4e4-ebc13cd0ff47&start=7933>

Indicar, para rematar que como consecuencia das denuncias, Augas de Galicia abriu en xullo de 2017 un procedemento sancionador á empresa á que se fai referencia na iniciativa, polo vertido non autorizado de augas residuais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35238
Data envío: 29/08/2018 10:51:06.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:51:03



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 26673**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para derrogar, a través do Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, a Orde do 10 de decembro de 1984, pola que se declara o acivro (*Ilex aquifolium*, L) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta decisión trátase dun axuste normativo, que responde a que na actual lexislación vixente aplicable (tanto estatal como a nivel da comunidade autónoma) sobre conservación da biodiversidade non está considerada a protección específica do acivro. Esta especie tampouco está incluída no catálogo galego de especies ameazadas, regulado polo Decreto 88/2007. O obxecto foi aportar maior seguridade xurídica en relación co estatus legal desta especie.

Esta situación, en todo caso, non supón ningún obstáculo para calquera tipo de iniciativa que se puidera impulsar para a súa posible incorporación no catálogo galego de especies ameazadas, proposta que deberá xustificarse e enmarcarse, como non pode ser doutro xeito, no procedemento establecido no artigo 8 do Decreto 88/2007.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35328
Data envío: 30/08/2018 09:58:38.798

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:58:35



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 27006**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a incidencia que está a ter demora na aprobación do Plan estatal de vivenda 2018-2021 nas políticas de vivenda de Galicia e as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar os seus efectos”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O convenio para o desenvolvemento en Galicia do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 foi asinado o 30 de xullo de 2018.

A Xunta de Galicia avanzou os trámites para a concesión das axudas en tanto o Ministerio de Fomento non formalizou a sinatura do convenio co Goberno galego. As primeiras axudas foron publicadas no Diario Oficial de Galicia do 28 de xuño de 2018. Trátase das axudas de alugueiro, que teñen efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2018.

En breve publicaranse novas convocatorias de axudas no marco do Plan Estatal de Vivenda, cuxa tramitación a Xunta iniciou antes da sinatura do convenio co Ministerio e se atopa xa moi adiantada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35072
Data envío: 27/08/2018 11:03:39.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:36



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 27010**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir e mellorar o transporte colectivo de viaxeiros entre Chantada e Santiago de Compostela, nomeadamente os domingos, así como para adaptar o servizo ás necesidades das persoas usuarias”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os distintos concellos, dando como resultado xeral a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades de mobilidade dos veciños.

De xeito concreto, no caso de Chantada, a mobilidade deste ámbito territorial garántese coa existencia de ata 12 liñas diferentes. Esta oferta de servizos de transporte foi revisada no propio proceso de implantación dos novos servizos, recollendo as demandas das persoas usuarias, de asociacións e concellos, e introducíndose diversas adaptacións coa finalidade de acadar unha mellora no servizo público.

Así, engadíronse novas expedicións os venres e domingos entre Chantada e Santiago de Compostela, dirixidas fundamentalmente a mellorar a atención da demanda derivada de motivos de estudos.

Deste xeito, garantiuse o mantemento do servizo ao tempo que se teñen cuberto as principais demandas formuladas polos usuarios da zona. En todo caso, o seguimento da prestación do servizo realízase dun xeito constante e continuo.

Ao tempo, estanse a analizar as condicións de prestación e as demandas existentes nos traballos de campo no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traballos de campo que inclúen encontros con todos os concellos e enquisas en centros sanitarios, educativos, estacións ou paradas, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35070
Data envío: 27/08/2018 11:03:24.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:20



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 27072**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de solicitarlle ao Goberno central a modificación da cualificación da liña ferroviaria atlántica de Galicia como de ‘Media Distancia’ e a súa substitución pola de ‘Proximidade’, as actuacións e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios (entre eles, o de Ferrol-A Coruña-Santiago-Vilagarcía-Pontevedra-Vigo), están declarados como obriga de servizo público.

Por iso, co fin de satisfacer as necesidades de mobilidade das persoas, existe unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían.

Os servizos de cercanías non están pensados para percorridos tan longos como os que se formulan na iniciativa, de arredor de 200 km de distancia. Os estándares de cercanías tampouco se adaptan ao esixido nunha liña como o Eixe Atlántico, cuns servizos que achegan as cidades e acurtan considerablemente os tempos de viaxe.

Cómpre lembrar que as tarifas do Eixe Atlántico se mantiveron invariables desde a súa entrada en funcionamento, pese ás evidentes melloras nos tempos de percorrido.

Aínda así, desde a Xunta considérase necesario seguir traballando para lograr a prestación dun servizo que cada vez estea máis adaptado ás necesidades e demandas dos usuarios que utilizan

CVE-PREPAR: 49aa52a0-7994-b0e8-a190-97417e6f5df7

esta liña e así o ten solicitado ao Goberno do Estado, que ten as competencias en materia ferroviaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35067
Data envío: 27/08/2018 11:03:01.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:58



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 27165**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria, a súa opinión ao respecto e as medidas que está a aplicar para avaliar a calidade e utilidade para a veciñanza das liñas existentes”**, (publicada no BOPG número 272, do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade, competencia do Goberno do Estado, para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Un dos principais obxectivos do Executivo autonómico, en relación coas infraestruturas do Estado en Galicia, é impulsar e garantir unha conexión ferroviaria de calidade para Lugo e así o ten trasladado en reiteradas ocasións ao Goberno do Estado.

Neste sentido, cómpre lembrar que o 7 de maio de 2018, o daquela ministro de Fomento presentou as actuacións de modernización nesta liña cun importante investimento e co obxectivo de lograr uns servizos ferroviarios competitivos e modernos, reducindo considerablemente o tempo de percorrido entre Lugo e Madrid.

Actuacións e planificación que a Xunta de Galicia seguirá co máximo interese.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35065
Data envío: 27/08/2018 11:02:46.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:43

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27244**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da reparación do firme, así como a mellora da drenaxe lonxitudinal e sinalización horizontal da estrada AC-546”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 27245, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 300, do 4 de maio de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35061
Data envío: 27/08/2018 11:02:16.163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:12

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27836**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia referida ao desenvolvemento da 1ª fase do Plan de transporte público de Galicia, posta en marcha o 8 de agosto de 2017, os novos servizos de transporte implantados e os beneficios que supuxo para as persoas usuarias, así como os traballos concretos e o connograma previsto para a posta en marcha da 2ª fase”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 27837, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 24 e 25 de abril de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/plenno-2018-04-25?part=4a5a5cd5-e5c9-47cd-8c25-5d74c0347514&start=8744>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/plenno-2018-04-25?part=4a5a5cd5-e5c9-47cd-8c25-5d74c0347514&start=9053.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/plenno-2018-04-25?part=4a5a5cd5-e5c9-47cd-8c25-5d74c0347514&start=9053)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35059
Data envío: 27/08/2018 11:02:00.287

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:01:56

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27874**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación provincial de Ourense, o seu posible impacto para a poboación, así como as súas previsións respecto da colaboración financeira coa deputación para o arranxo desa estrada”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 27875, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 320, do 14 de xuño de 2018. Indicar, ademais, que con data de 26 de xullo de 2018 o Consello da Xunta aprobou definitivamente o proxecto de trazado e as expropiacións do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, unha actuación promovida pola Deputación Provincial de Ourense que busca garantir a estabilidade do treito final da estrada provincial OU-0807 e manter a actividade industrial da explotación de lousa existente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35057
Data envío: 27/08/2018 11:01:27.677

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:01:24



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 28361**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña”**, (publicada no BOPG número 285, do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Como xa explicou o director xeral de Mobilidade no marco da Comisión 2ª celebrada o pasado 22 de marzo de 2018, en resposta a unha iniciativa de similar contido e formulada por este mesmo grupo parlamentario (iniciativa número 26283), a Xunta de Galicia aposta por continuar a mellorar os servizos de transporte ferroviario no corredor Ourense-Santiago e a súa maior adaptación ás necesidades dos usuarios.

O Goberno galego segue con atención os servizos ferroviarios que se prestan en Galicia e vén demandando ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten as competencias en materia ferroviaria, e ante a operadora Renfe, que continúen a traballar na súa mellora; e así o seguirá a demandar tamén ante o novo Goberno do Estado. Melloras referidas, entre outros aspectos, á adecuación das frecuencias e adecuación aos horarios demandados polos usuarios recorrentes; posibles transbordos con outras liñas; reforzo de servizos en épocas do ano con demandas especiais; flexibilización das condicións de uso dos bonos; redución de tarifas ou adaptación de oferta e demanda da liña rexional e estacións intermedias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35053
Data envío: 27/08/2018 11:00:53.958

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:50

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28405**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin, así como os datos referidos ao seu calendario de xuntanzas”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 28404, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 300, do 4 de maio de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35049
Data envío: 27/08/2018 11:00:19.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:15



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **28553**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia referida á situación na que se atopa o vial provisional que atravesa o polígono industrial de Morás, no concello de Arteixo e as súas posibles consecuencias para a veciñanza, así como as súas previsións respecto da colaboración co Concello para o seu arranxo e a mellora da súa seguridade para as persoas usuarias**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A estrada á que fai referencia a iniciativa é unha vía provisional construída para permitir o tráfico mentres duran as obras de execución do viario Eixo 0 do parque empresarial de Morás, que coincide coa estrada DP-0512. Polo tanto, unha vez rematen as obras do dito viario, o tráfico volverá á antiga estrada e a vía provisional desaparecerá.

A obra está previsto que remate no próximo verán, cun investimento de preto dun millón de euros. O novo viario mellorará notablemente a antiga estrada DP-0512.

Mentres, regularmente procédese ao mantemento da vía provisional, con obras como as realizadas os días 17 de xaneiro, 19 de febreiro e o pasado 26 de marzo, co obxectivo de reparar os danos que causa o intenso tráfico de vehículos pesados e lixeiros. A sinalización é clara e tanto os sinais verticais como as marcas viarias especifican que se trata dunha zona de obras. O límite de velocidade está establecido nun máximo de 40 km/hora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35048
Data envío: 27/08/2018 11:00:11.707

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:07



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35044
Data envío: 27/08/2018 10:59:39.832

Data 27/08/2018 10:59

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28947**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sanchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de promover unha mesa de negociación co Ministerio de Fomento e a ADIF para resolver os problema que supoñen os pasos a nivel situados dentro dos núcleos de poboación e o prazo razoable de espera para a súa retirada”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O concurso de Redacción de proxectos de supresión de pasos a nivel en liñas da rede convencional (rc). traxectos: Ourense-Monforte-Lugo. (9 lotes), que inclúe os 36 pasos a nivel aos que se refire a iniciativa, licitouse por ADIF por un importe de 2.359.115,79 euros, estando pendente de adxudicación.

Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade, que é competencia estatal, co obxectivo de que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan e con infraestruturas propias do século XXI o que, por suposto, inclúe a supresión de pasos a nivel, fundamental para incrementar a comodidade e reducir os tempos de viaxe pero, ante todo, para mellorar os parámetros de seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35044
Data envío: 27/08/2018 10:59:39.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:59:35

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28984**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á congruencia e incidencia do artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia na normativa legal vixente, a valoración das súas consecuencias para a comunidade autónoma e os problemas e cambios de cualificación urbanística que supón para moitas parcelas, así os datos referidos ao seu proceso de elaboración e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 28982, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 8 e 9 de maio de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=2788>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=3808>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35039
Data envío: 27/08/2018 10:59:01.003

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:58:57



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 28995**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos anos en relación coa densidade de tráfico que presenta a estrada AC-214, en especial, ao seu paso polo núcleo de Pravio, a súa opinión referida á necesidade de novas actuacións para mellorar a seguridade viaria e o calmado do tráfico nesa zona, así como o tipo de medidas que se poden aplicar no punto quilométrico 5 para eses fins”**, (publicada no BOPG número 293, do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Ao respecto da seguridade viaria na AC-214 débese indicar que nesta estrada de titularidade autonómica non se ten identificado ningún tramo de concentración de accidentes durante os anos 2015, 2016 e 2017.

Non obstante, para reforzar a seguridade viaria decidiuse limitar a velocidade na zona das casas a 50 km/h, medida que xa se lle comunicou, o mes pasado, á Dirección Xeral de Tráfico. Así mesmo, a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto realizar novas medicións de tráfico nesta zona ao longo do ano 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:58
Nº Rexistro: 35038
Data envío: 27/08/2018 10:58:53.284

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:58:49



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 29041**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación de constante diminución da calidade do servizo do Eixo atlántico ferroviario, así como da redución de interventores no traxecto comprendido entre Padrón, Pontecesures e Catoira, e as posibles repercusión da falta de rexistro de persoas usuarias nas futuras decisións respecto do servizo”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde a súa posta en marcha, o Eixe Atlántico ten experimentado un importante incremento de usuarios, o que avala a boa acollida deste servizo por parte dos cidadáns. Con todo, e a pesar de que se trata dunha competencia estatal, desde a Xunta mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento e a calidade do transporte ferroviario na Comunidade, para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan.

Desde o Goberno galego estase a seguir a política de recursos humanos que Renfe está a levar a cabo no referente a presenza de interventores nos trens que circulan por Galicia e o xeito en que esta pode afectar aos usuarios e aos medios que teñen para poder adquirir os seus billetes, máis alá do desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas e a instalación de máquinas autoventa.

Indicar, ademais, que o ADIF contrata regularmente estudos de demanda de mobilidade baseados na realización de aforos e enquisas nas estacións de tren.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:36
Nº Rexistro: 35185
Data envío: 28/08/2018 11:36:56.502

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 11:36:52



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 29482**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte publico de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten a escala metropolitana no modelo de planificación elixido e incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia establece as liñas estratéxicas a seguir para reordenar e mellorar o transporte público regular por estrada de Galicia, para implantar un novo modelo sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía.

Coa implantación da 1ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia, en agosto de 2017, a Xunta cumpriu o prazo marcado pola Lei 10/2016, ademais de acadar o obxectivo de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo o emprego e mellorando o servizo no rural.

O documento base da 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia xa foi sometido ao primeiro dos dous procedementos de participación pública, a través dos que o conxunto da sociedade galega pode presentar as súas suxestións e propostas en relación aos principios xerais que rexerán o desenvolvemento desta 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia.

Os prazos fixados para a implantación dos novos contratos de transporte teñen data de agosto e decembro de 2019, dependendo da data de remate contractual dos actuais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35123
Data envío: 28/08/2018 10:31:00.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:30:57

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29508**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 29512, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 324, do 21 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35030
Data envío: 27/08/2018 10:57:50.579

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:57:47

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29708**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego referida ao desenvolvemento, ata o 31 de decembro de 2015, do plan piloto para aliviar a densidade de tráfico pesado da autovía A-55 que reducía a peaxe para os transportes pesados no tramo da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño, as razóns para non levalo a cabo a partir de 2016 e as medidas previstas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 29707, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 8 e 9 de maio de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=5838>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=6154>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35028
Data envío: 27/08/2018 10:57:34.735

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:57:31

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29992**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121 e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 29994, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 324, do 21 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35016
Data envío: 27/08/2018 10:56:30.172

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:56:26



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30236**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da existencia de moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia, as súas previsións en relación coa avaliación dos custos e posibilidades financeiras dese grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano e, se é o caso, o calendario para a realización deses estudos”**, (publicada no BOPG número 302, do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos tempos son varios os concellos que teñen solicitado á Dirección Xeral de Mobilidade a súa integración no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Este interese dos concellos por integrarse nas Áreas de Transporte Metropolitano amosa claramente a boa acollida que supuxo este modelo impulsado pola Xunta de Galicia: un plan social que permite aforros nos billetes de autobús de ata o 70% e que lles pode supoñer un aforro de ata 900 €/ano aos usuarios frecuentes. Tendo en conta que existen bonificacións adicionais para os usuarios frecuentes e para as familias numerosas, ademais de gratuidade do billete aos menores de 19 anos nas viaxes interurbanas do transporte metropolitano.

O Goberno galego analizará o conxunto das solicitudes de incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia mantendo a equidade para os municipios e resolvéndolas conforme a criterios obxectivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:55
Nº Rexistro: 35009
Data envío: 27/08/2018 10:55:43.374

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:55:39



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30292**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ás chamadas de reserva rexistradas desde a posta en marcha do servizo e o seu sistema de xestión no transporte público de viaxeiros, así como os datos relativos ás persoas usuarias do transporte compartido”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, tivo especial incidencia no incremento da cobertura territorial, tan necesaria dadas as características de dispersión xeográfica que ten Galicia.

Para incrementar a cobertura dos servizos a aquelas zonas onde antes non chegaba o transporte público puxéronse en marcha novas modalidades: o transporte compartido e o transporte baixo demanda, fórmulas que acadan unha maior eficiencia e rendibilidade social, evitando a circulación de autobuses baleiros.

O transporte compartido permite que en determinadas rutas os veciños poidan empregar as prazas baleiras do autobús que leva aos rapaces á escola, sempre cun servizo de acompañante para os alumnos, o que permite maximizar a oferta de liñas de autobús en zonas de baixa demanda nas que doutro xeito non sería viable o paso dunha liña regular.

O transporte compartido estase a prestar coas máximas garantías para os escolares, contando coa presenza do acompañante en todas as rutas, sen que se teñan producido incidencias salientables desde a súa posta en funcionamento.

O transporte compartido permitiu que durante o pasado período lectivo case 107.000 viaxeiros non escolares tivesen acceso a este servizo.

Esta modalidade de transporte facilita, polo tanto, unha maior cobertura territorial do servizo público de transporte nos contornos rurais galegos, contando cunha ampla aceptación social.

Por outra banda, o sistema centralizado de reservas do transporte baixo demanda é un sistema de atención de peticións de servizo que se fai mediante unha chamada ao número de teléfono 988 68 78 00. A través deste número e ata as 20,00 horas do día laborable anterior a aquel no que se desexe viaxar, calquera persoa poderá realizar reservas de prazas para servizos que se presten baixo demanda. Desde a entrada en funcionamento do sistema recibíronse un total de 1.662 chamadas na central de reservas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:55
Nº Rexistro: 35006
Data envío: 27/08/2018 10:55:19.577

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:55:16

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30480**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións da Axencia Galega de Infraestruturas referidas á creación da comisión de seguimento da Vía de alta capacidade Costa Norte, o calendario previsto para a execución dos proxectos dos tramos pendentes e a data de reinicio das obras, así como as razóns da súa prolongada paralización e a súa incidencia económica e social nas comarcas de Ortegal e da Mariña lucense”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 30481, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 320, do 14 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:55
Nº Rexistro: 35005
Data envío: 27/08/2018 10:55:12.061

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:55:08



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30600**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da actual oferta de vivendas de promoción pública para cubrir a demanda existente, as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o programa 451A no ano 2017 e as previsións da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao respecto para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 306, do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense e Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas

búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:55
Nº Rexistro: 35102
Data envío: 27/08/2018 11:55:14.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:55:10



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30669**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Lugo, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 306, do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense e Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:54
Nº Rexistro: 35099
Data envío: 27/08/2018 11:54:50.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:54:46



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30672**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Ourense, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 306, do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense, Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:36
Nº Rexistro: 35181
Data envío: 28/08/2018 11:36:23.232

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 11:36:04



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30699**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“o custo para o erario público e as repercusións para as persoas usuarias da viaxe en tren entre Sarria e Lugo realizada por diversas autoridades o día 7 de maio de 2018 para anunciar a chegada de fondos para mellorar a conexión ferroviaria entre as cidades de Lugo e Ourense no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 306, do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre indicar que o acto ao que se refire a iniciativa foi organizado polo Ministerio de Fomento e non pola Xunta de Galicia.

O propio Ministerio de Fomento emitiu un comunicado ao día seguinte de terse celebrado este acto explicando que a situación puntual que se produciu no servizo ferroviario estivo motivada por unha avaría no tren que debía saír de Monforte cara á Coruña, vía Lugo, ás 07,30 horas da mañá, e non tivo nada que ver coa programación do servizo pola visita institucional.

Cómpre lembrar que esta circunstancia xa foi explicada pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, ao ser preguntada por este asunto, no marco da resposta á pregunta oral en Pleno número 29131, relativa aos servizos ferroviarios entre Ferrol e Ribadeo, formulada polo mesmo grupo parlamentario e incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 8 e 9 de maio.

A resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=5129>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 34998
Data envío: 27/08/2018 10:54:17.169

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:54:13



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30719**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias producidas o día 2 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 306, do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 34996
Data envío: 27/08/2018 10:54:01.122

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:53:57



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30759**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto das condicións de seguridade peonil que presenta a estrada N-VI, ao seu paso por Bergondo e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, exerce as súas competencias nas estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Esta rede está formada polas estradas cuxo itinerario discorra integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos.

A N-VI é de titularidade estatal polo que as cuestións relativas á conservación e/ou mellora, así como á seguridade viaria deben ser asumidas pola Administración Xeral do Estado como titular da vía.

Non obstante cómpre indicar que a Xunta de Galicia vén colaborando habitualmente no impulso, promoción e coordinación de estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas nesta materia. Así sucede coa participación na Comisión Autonómica de Seguridade Viaria.

A Xunta xa lle ten trasladado ao Ministerio de Fomento en diversas ocasións a necesidade de actuar e reforzar a seguridade viaria nas estradas de titularidade estatal. Ademais, en cumprimento da resolución aprobada polo Parlamento de Galicia en sesión celebrada o 4 de outubro de 2017, no marco do Debate Anual de Política Xeral, tamén lle ten remitido escrito ao Ministerio de

Fomento solicitándolle as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria nos treitos de concentración de accidentes da rede de estradas da súa competencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:53
Nº Rexistro: 34993
Data envío: 27/08/2018 10:53:35.996

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:53:32



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30844**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luis Villares Naveira e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento e a opinión do Goberno galego referida á eliminación pola empresa Monbus dun servizo directo de autobús entre Vigo e Lugo, así como os prexuízos que está a ocasionar á cidadanía”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada foi un proceso realizado con todas as garantías necesarias e respectando escrupulosamente o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública. Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto, sen que se recibise ningunha alegación sobre o número de conexións directas entre Vigo e Lugo.

A conexión directa entre Vigo e Lugo mantívose no proxecto XG-516, con expedicións os venres e domingos, por ser este servizo o que máis demandada ten, principalmente por estudantes. A maiores, durante o período de implantación dos servizos aumentáronse as súas frecuencias, atendendo ás peticións dos propios usuarios.

Ademais, nos pregos dos contratos incluíuse que será obrigación permanente do contratista a coordinación e garantía de enlace das expedicións Lugo–Pontevedra, do contrato XG516, coas

expedicións Pontevedra–Vigo, do contrato XG517, e viceversa, facendo compatibles as necesidades dos usuarios cunha xestión eficiente dos medios públicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:53
Nº Rexistro: 34992
Data envío: 27/08/2018 10:53:28.262

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:53:24



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30932**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a valoración do Goberno galego respecto dos dous accidentes rexistrados no mesmo punto do corredor do Morrazo nos dous días seguintes á apertura dos dous primeiros tramos da autovía, así como a súa opinión en relación coa necesidade de reconsiderar as medidas preventivas e de redución de velocidade adoptadas nel”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 30933, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 342, do 27 de xullo de 2018. remitímonos ao alí exposto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 34987
Data envío: 27/08/2018 10:52:36.105

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:52:32



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 30966**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación actual da conexión do transporte en autobús entre as cidades de Lugo e Vigo, os compromisos da empresa concesionaria segundo o Plan de transporte de Galicia e a valoración do Goberno galego en relación co servizo, así como a existencia de queixas ou reclamacións das persoas usuarias e as medidas adoptadas ou previstas para garantir un servizo de transporte colectivo digno e de calidade para a cidade de Lugo”**, (publicada no BOPG número 309, do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada foi un proceso realizado con todas as garantías necesarias e respectando escrupulosamente o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública. Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto, sen que se recibise ningunha alegación sobre o número de conexións directas entre Vigo e Lugo.

A conexión directa entre Vigo e Lugo mantívose no proxecto XG-516, con expedicións os venres e domingos, por ser este servizo o que máis demandada ten, principalmente por estudantes. A maiores, durante o período de implantación dos servizos aumentáronse as súas frecuencias, atendendo ás peticións dos propios usuarios.

Ademais, nos pregos dos contratos incluíuse que será obrigación permanente do contratista a coordinación e garantía de enlace das expedicións Lugo–Pontevedra, do contrato XG516, coas expedicións Pontevedra–Vigo, do contrato XG517, e viceversa, facendo compatibles as necesidades dos usuarios cunha xestión eficiente dos medios públicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 34985
Data envío: 27/08/2018 10:52:20.979

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:52:17

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727